

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DE 28 DE FEBREIRO DE 2020

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 10.00 horas do día 28 de febreiro de 2020, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:

D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta: videoacta.depourense.es

1º.- ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEMP CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 2020.-

Pola Presidencia dáse lectura á declaración institucional da Federación Española de Municipios e Provincias con motivo do Día Internacional da Muller, 8 de marzo, correspondente ao ano 2020.

Por unanimidade, o Pleno acorda manifestar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á dita declaración institucional.

2º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO 31 DE XANEIRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do 31 de xaneiro de 2020.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS DO CONCELLO DE BOBORÁS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa.

A continuación, ábrese o debate, producíndose as intervencións que se resumen a seguir:

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, anuncia o voto favorable do seu grupo, dado que este acordo baséase nunha decisión adoptada no exercicio da súa autonomía municipal polo concello de Boborás.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, anuncia o seu voto favorable polas mesmas razóns.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Boborás a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 30 de xaneiro de 2020, para a recadación executiva do imposto sobre construcións, instalacións e obras, nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Boborás, sendo en todo de aplicación as seguintes condicións xerais:

a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.

b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.

c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por

períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

4º.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS DO INORDE N° 1/2020.-

A Sra. interventora dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa.

A continuación, ábrese o debate, producíndose as intervencións que se resumen a seguir:

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, anuncia o seu voto favorable, dada a finalidade da subvención, que é o financiamento de actividades de fomento da actividade empresarial realizadas en 2019.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG di que, como xa manifestou na comisión informativa e no Consello Reitor do INORDE, o BNG ten unha posición crítica ao respecto, en primeiro lugar con carácter xeral ao respecto da propia actividade e utilidade do INORDE, e lembra a este respecto que na sesión anterior o presidente do INORDE deulle traslado dos proxectos europeos que tiña o INORDE en marcha, informándolle de que había sete, aínda que a realidade é que na folla que lle pasou veñen numerados do 2 ao 7 pero son seis proxectos, non sete; pero en realidade o importante non é o número de proxectos, senón os fondos captados, e segundo as súas contas son 233.747,71 euros, é dicir, unha contía inferior á das propias subvencións nominativas que vai conceder o INORDE co seu propio orzamento inicial. En relación coa subvención nominativa que constitúe o obxecto do punto da orde do día, cre que para darlle unha subvención nominativa á CEO non é necesaria a existencia dun organismo como o INORDE, pois esa subvención se podía conceder de forma directa pola Deputación, co que aforrábamos a existencia dese organismo. Por outra banda, o obxecto da subvención é a realización de accións empresariais e os gastos de funcionamento da CEO en 2019, e cre que o apoio das institucións públicas á CEO debería centrarse en actividades concretas, non en custear os seus gastos de funcionamento. É dicir, tería sentido que a CEO presentase un programa de actividades concretas para 2020 que puidesen beneficiar ás nosas empresas e que, logo de estudiarse este plan ou programa, se subvencionase pola Deputación ou o INORDE, pero dar unha subvención para tapar buratos do ano pasado non semella unha acción moi edificante. Di que no Consello Reitor do INORDE o presidente do INORDE afirmou que as accións da

CEO beneficiaban a 8.000 empresas, pero o certo é que preguntou a uns vinte ou trinta pequenos empresarios de Allariz e, aínda que a mostra poida non ser moi significativa, a resposta foi que a acción da CEO resultáballes case descoñecida, o que é preocupante. Ademais, estes días chegoulle unha información sobre a CEO que tamén é preocupante, e en concreto, no diario Expansión de 14 de febreiro de 2020 publicouse información sobre posibles irregularidade contables nesta organización, e mesmo se fala de que nunha xunta directiva desta organización houbo acusacións a algúns dos seus membros por ser provedores de accións formativas ou actividades financiadas pola propia CEO, e cre que se lle imos dar cartos públicos a esta entidade debería pedírselle previamente que aclarasen esta situación que agora mesmo está xudicializada; pero o que sobre todo lle preocupa é que os empresarios transmitan que non perciben a utilidade da CEO, e neste senso habería que garantir a funcionalidade da subvención que se lles concede en que accións concretas se vai traducir.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, cre que neste asunto hai tres cuestións que se poñen enriba da mesa como obxecto de debate: primeiro, se resulta procedente a concesión dunha subvención sen concorrencia competitiva; segundo, o destino e o destinatario desa subvención; e, en terceiro lugar, o posible carácter extemporáneo da subvención, dado que é para atender gastos de 2019. Con respecto á primeira cuestión, di que a CEO é unha organización empresarial intersectorial sen ánimo de lucro, englobando ás diferentes organizacións sectoriais e sendo a única entidade destas características que hai na provincia, polo que está xustificada a concesión directa, sen que teña que acudir ao procedemento de concorrencia competitiva porque é evidente que non ten con quen competir. Sobre o destino da subvención, di que o informe de Intervención sinala que o obxecto da subvención debe quedar concretado no convenio de colaboración ou acto de concesión que se dite previa a tramitación do expediente de concesión, e igualmente debe xustificarse o destino dado aos fondos públicos, e continúa dicindo que se a Intervención entende que estes requisitos se dan entón non debería haber ningún problema para a concesión da subvención. En canto á cuestión do propio funcionamento interno da Confederación Empresarial, é certo que pode concordar co Sr. Varela López en que na medida en que lles damos unha subvención deberíamos pedir información sobre estas cuestións, pero tamén é certo que é unha entidade que ten autonomía plena e elixe democraticamente á súa directiva, e polo tanto se hai algún problema, debe solucionarse a nivel interno, e cre que sen prexuízo disto nós temos a obriga de colaborar con esta entidade. E por último, con respecto ao posible carácter

extemporáneo da subvención, entende que nada obsta legalmente para que se subvenciones gastos do exercicio anterior, e por outra banda na memoria da Presidencia explícase que esta subvención non figuraba no orzamento de 2020 porque estaba previsto tramitala como unha modificación dos orzamentos de 2019 no derradeiro trimestre, e todos somos conscientes dos problemas informáticos nos que se veu envolta a Deputación nese trimestre, o que impediu a súa tramitación no seu momento e motiva que se teña que traer agora. Polo exposto, anuncia o seu voto a favor da proposta.

Don Diego Fernández Nogueira, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo está a favor con que a Deputación apoie a quen poida prestar servizos ás empresas, como asesoramento xurídico, fiscal, en prevención de riscos laborais, consumo, formación... agora ben, tamén entenden que dende a Deputación ten que haber un contacto permanente coa dirección da CEO, para non ter que intervir unha vez rematado o partido, é dicir, cando xa están executados os gastos do ano anterior. En todo caso, o seu grupo non vai entorpecer a tramitación desta modificación. Pide ao goberno provincial que se apoie a tódalas organizacións de comercio da provincia. Considera excesivo que se chegue a gastar a metade do orzamento do INORDE no capítulo de persoal, arredor dun millón de euros nos últimos anos, mentres temos na provincia algunha asociación de comerciantes que leva seis ou sete anos sen recibir ningunha axuda desta institución, tendo incluso algunha arredor de cen locais de negocio asociados nun único concello. En todo caso, o seu grupo está a disposición do goberno provincial para tender pontes coas directivas das asociacións de comerciantes e centros comerciais abertos da provincia, se fose necesario para instrumentar medidas de colaboración, dado que corren tempos nos que o sector do comercio non o está a pasar nada ben.

Don Rosendo Luis Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Varela López que xa sabían que o BNG non quere que exista a Deputación, e tamén que son moi críticos co INORDE, non obstante o cal din que as competencias do INORDE as exerza a Deputación (aínda que tampouco queren que exista a Deputación) pero o que non sabemos é que tamén son críticos coa Confederación de Empresarios de Ourense. En cambio, o goberno provincial mantén a autonomía da CEO, e se hai problemas internos, pois son problemas internos dunha institución, e polo tanto, o que teña que dicir ao respecto o Sr. Varela López terá que dicirlllo á CEO. Dille tamén que igual que consultou a empresarios de Allariz e lle dixeron que a CEO funcionaba mal, o mesmo se consulta aos cidadáns de Allariz tamén lle

din que a Xunta funciona mal. Con respecto aos proxectos do INORDE, dille que dende que se aprobaron os orzamentos captouse un proxecto máis, e polo tanto hai máis proxectos, e ademais en colaboración coa Universidade. Di tamén que xa está acostumado a recibir críticas ao funcionamento do INORDE, polo que non lle estraña escoitalas hoxe. Engade que do que se está a falar hoxe é da modificación das bases de execución dos orzamentos do INORDE para prever unha subvención nominativa á CEO, e que o expediente está informado favorablemente pola Intervención, cuxo informe enuncia os requisitos para a concesión da subvención, aos que da lectura e aos que se da cumprimento neste caso, en particular o que se refire a que a subvención pode concederse para actuacións xa realizadas. Dille tamén que se se aplicase o Plan Varela que propugna non sería posible dende logo dar esta axuda á CEO, polo que neste punto o Sr. Varela é coherente. Continúa dicindo que a CEO é a única entidade das súas características que hai na provincia, e que por iso a subvención non vai por concorrencia competitiva, porque non tería con quen competir, e reitera que a CEO ten máis de 8.000 asociados nun total de 82 asociacións sectoriais e comarcais, e se non están os de Allariz cos que o Sr. Varela consultou, pois non o sabe, pero entende que a CEO tenas portas abertas para explicar por que. Enumera os servizos que a CEO presta a estes 8.000 asociados (asesoramento xurídico, fiscal, en materia de protección de datos, arbitraje en materia de consumo, implantación de normas de calidade en materia de prevención de riscos laborais, en materia de eficiencia enerxética, servizos ás asociacións, trámites de subvencións, de contas e de asembleas, emprego e formación, cunha axencia de colocación, apoio ao autoemprego, formación a parados e en novas tecnoloxías, etc...) servizos que as empresas non poderían ter por si mesmas, polo que entende que é procedente que o INORDE apoie ás empresas a través da asociación das empresas que é a CEO, polo que agradece o apoio de C's e do PSOE, e sen prexuízo de que todo sexa mellorable, engadindo que se a CEO ten problemas internos iso non é óbice para axudar, porque o que faríamos de non axudarlles é ter unha CEO peor da que sería, pero para o goberno provincial a CEO está a cumprir os obxectivos que debe cumprir.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG di que non dixo que non tivera que existir a CEO, é máis, o que lle gustaría é que existise con ese nivel de interacción cos empresarios de Ourense que segundo acaba de dicir o Sr. Fernández é máis que suficiente e exemplar, malia que a súa experiencia ao respecto lle dea outro punto de vista. Doutra banda, cre que si debemos ter unha actitude vixiante cara o que sucede noutra institución, máxime se iso acaba en instancias xudiciais, cando esa institución recibe cartos públicos da

administración provincial. Di que leo o páxina web da CEO, e incluso viu que realizan actividades que o Sr. Fernández non nomeou, como as axudas á exportación, pero tamén é certo que botou de menos nesa web unhas estratexias claras de desenvolvemento provincial, que ao mellor existen, pero na web non as atopou, e cre que sería interesante que existisen. Di que o seu grupo defende a supresión do INORDE e a asunción das súas funcións pola Deputación porque dese xeito vanse quitando cousas cuxa funcionalidade non ven, porque o INORDE gasta a metade dos seus orzamentos en salarios, que podería estar perfectamente asumidos pola Deputación, outra parte importante en subvencións nominativas, que para iso tampouco faría falla trasladarlle previamente os cartos ao INORDE. En canto ao da supresión das deputacións, iso daría para un debate máis amplo, que non procede agora. Anuncia que en todo caso vaise abster nesta proposta, porque entende que si é función da Deputación, en xeral, colaborar con entidades como a CEO, pero iso non é óbice para ser crítico ao respecto e entender que o lóxico sería que a CEO nos presentase unha proposta do que va facer cos fondos que lle imos achegar ao longo de 2020 e que a subvención se decidise como consecuencia desa proposta e cuns obxectivos claros.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, di que a previsión de estratexias de desenvolvemento provincial na web da CEO é unha cuestión interna da estratexia da propia CEO, pero en todo caso o que si nos compete é darlle unha subvención á CEO porque si nos consta que a CEO está a prestar servizos que xa se enumeraron aquí e que xustifican a colaboración do INORDE, e iso é o que se estar a discutir aquí, non o funcionamento interno da CEO, polo que o seu grupo considera acaído apoiar esta proposta.

Don Diego Fernández Nogueira, portavoz do Grupo Socialista di que o feito de que o seu grupo estea a favor de que se colabore coa CEO non quere dicir que pensen que este é o procedemento axeitado para isto; reitera o ofrecemento de colaboración do seu grupo para establecer liñas de axudas con tódalas asociacións de comerciantes da provincia, cun reparto con criterios obxectivos, e convida ao goberno provincial a que así o fagan.

Don Rosendo Luis Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular dille a Sr. Fernández Nogueira que a Federación de Comercio, que é de ámbito provincial, tamén recibe axudas. Dille ao Sr. Varela se cando di que cos cartos públicos hai que estar vixiantes quere dicir que na Deputación e no INORDE non estamos nesa actitude co diñeiro público, e a este respecto lémbrale que as subvencións teñen que xustificarse todas ante a Intervención. Di que non citou as accións exteriores da CEO, como as axudas ás exportacións ou as misións

inversas, na que ten participado, e que outro día llo podería explicar, e convida ao Sr. Varela a facer un esforzo e votar a favor desta subvención para axudar á CEO a cumprir os seus obxectivos e poder dispoñer de máis empresas na provincia.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular, de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución dos orzamentos do INORDE n.º 1/2020, para a especificación da dotación orzamentaria e beneficiario das subvencións, segundo o cadro seguinte:

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Confederación Empresarial de Ourense (CEO)	Desenvolvemento de accións empresariais e gastos de funcionamento 2019	56.000,00
Total		56.000,00

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- PRÓRROGA DA ASUNCIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DOS SERVIZOS MÍNIMOS DO CONCELLO DOS BLANCOS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa.

A continuación, ábrese o debate, producíndose as intervencións que se resúmen a seguir:

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, anuncia o seu voto favorable neste punto, lembrando que o papel fundamental dunha deputación debe ser estar ao carón dos concellos, especialmente dos que máis o necesitan, como é o caso do Blancos, pero sobre todo, dos veciños e veciñas dos Blancos.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG di que tamén votará a favor porque é certo que o Concello dos Blancos, polas circunstancias de todos coñecidas, non é quen de facer fronte por si só ás necesidades dos seus veciños e veciñas, e neste caso a Deputación é a administración que pode asumir determinadas competencias municipais mentres non se resolva a súa situación.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, di que no expediente consta un informe do secretario – interventor dos Blancos no que se constata que non sería viable suspender agora o réxime de asunción de servizos pola Deputación, dado que de non ser así os gastos superarían aos ingresos. Sendo isto así, non hai dúbida de que procede votar a favor desta proposta.

Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista di que o Concello dos Blancos solicitou a prórroga da asunción de servizos municipais pola Deputación, unha medida que leva en vigor dende 2018 e que ten como obxectivo a redución do gasto corrente do concello, en unión do incremento dos seus ingresos, tal e como se prevía no plan de axuste que o concello aprobou o 21 de agosto de 2017. Lembra que a asunción acordouse pola Deputación o 21 de decembro de 2017, e tal e como se contempla no expediente a proposta inclúe a prohibición de que o concello poida obter subvencións nominativas, dado que se se está a facer o esforzo de cooperación que supón a asuncións dos servizos, debe evitarse que este tratamento poida ser discriminatorio respecto doutros concellos da provincia que poidan estar a atravesar esa mesma situación. Di que en exercicios anteriores, tanto no 2018 como no 2019, o concello dos Blancos era un dos que se acollía ao disposto na base 9ª do Plan Provincial, dedicando eses 48.000 euros que lles corresponden aos concellos, para a amortización da súa débeda; non obstante, no exercicio 2020 este concello solicitou a inclusión dunha obra no Plan, con diversas actuacións (mellora de equipamento, acceso ao edificio de usos múltiples, mellora dos vasos da piscina municipal e unha obra de saneamento) e pregúntalle ao Sr. Presidente se é que rescatamos ao concello para logo subvencionarlle obras que non afectan a servizos mínimos. Cre que se lle está a dar un certo trato privilexiado a este concello, porque esta Deputación asumiu os servizos mínimos, subrogando o persoal, pero tamén se lle conceden obras no Plan Provincial, no canto de pagar con eses cartos a débeda pendente, ao que se engade a parte non subvencionada polo IDAE non proxecto de eficiencia enerxética. Aínda que poden estar de acordo en que os veciños non teñen por que pagar (ou si, ten as súas dúbidas ao respecto) unha pésima xestión que xa ven

de longo, e que semella non mudou cos distintos alcaldes do PP que tivo o concello. Pregunta se todas as abundantes subvencións que recibiu este concello nos últimos vinte e cinco anos puideron ter algo que ver na mala xestión do concello, dado que foi un dos concellos con máis investimentos da Deputación en infraestruturas, cun expreso recoñecemento do concello ao anterior presidente da Deputación. Gustaríalle tamén que os técnicos informaran se este concello se pode acoller ás obras do Plan Provincial, en particular a obras como arranxar o vaso da piscina, que non é un servizo mínimo, no canto de amortizar débeda. Lembra que no seu día o seu grupo abstívose no acordo de asunción dos servizos, para posibilitar que se axudase a este concello a saír desta situación.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular di que hai dous anos que o seu grupo trouxo aquí un novidoso plan para asumir os servizos básicos do concello dos Blancos, algo que nunca se fixera anteriormente na comunidade autónoma de Galicia, e xa daquela se sabía que, aínda que o acordo se adoptaba por dous anos, ía ser para un mínimo de dez anos. Cre que, tras estes dous anos, nin sendo moi optimistas se podía pensar que se estaría no camiño da recuperación no que actualmente está o concello dos Blancos, porque grazas ás medidas económicas tomadas pola Deputación Provincial o concello é quen de xerar máis ingresos que gastos, sen que os veciños o noten. Engade que con esta prórroga que imos aprobar estamos a permitir que os veciños dos Blancos poidan ter os mesmos servizos que os veciños do resto de concellos, e que o propio concello poida acceder ás axudas doutras institucións, para conservar e mellorar as infraestruturas e servizos municipais, máis alá dos servizos básicos, e mesmo para reducir gasto, como no caso dos investimentos de aforro enerxético. Con respecto ao tema das obras do Plan Provincial ao que aludiu a Sra. Lama Fernández, di que xa se falou na comisión informativa, e é certo que mellorar o vaso dunha piscina non é un servizo básico, pero tamén é certo que os servizos e infraestruturas municipais hainos que manter, e isto obriga a manter un equilibrio con respecto ás restricións que se impoñan ao concello, xa que doutro xeito deixaríamos caer esas infraestruturas co que estaríamos facendo crónico o problema, porque dentro de dez anos, ao mellor, había que facer un gran plan para as infraestruturas municipais que non sexa servizos básicos. Di que polo demais está satisfeito co resultado das medidas adoptadas, e que só queda agora por negociar a débeda do concello con Abanca, débeda que primeiro hai que concretar – porque está xudicializada – e unha vez se concrete, se acudirá a outro plan de axuste para refinanciala.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, di que a Sra. Lama Fernández, na súa intervención, puxo en dúbida se os veciños tiñan ou non que pagar pola mala xestión do goberno municipal, e pregúntase ata que punto se pode soste que os veciños, por votar a unha determinada opción política, teñan agora que quedarse sen infraestruturas nin servizos, e di que a súa postura é que os veciños non teñen por que pagar os erros cometidos por gobernos municipais anteriores, e se seguen a votar ao PP é porque estamos en democracia e lles gusta o PP, o mesmo que poden mudar de opinión e dentro de tres anos votar ao PSOE ou a Ciudadanos, se é que existe daquela. Di que, á marxe desta nota de humor, o que quere trasladar é que non se pode mirar a cor política do concello, e se outros concello cun goberno doutro partido estivese nesta mesma situación, a Deputación o tería que axudar do mesmo xeito.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG di que non ía intervir, pero ten que facelo porque discrepa co que acaba de expresar a portavoz de C's, porque en efecto os veciños son os que deciden co seu voto quen goberna, e se existe unha mala xestión de forma reiterada, que non ven dun mandato senón que se alongou no tempo, lxicamente algunha responsabilidade teñen os veciños e veciñas, porque senón estaríamos a dicir que se vemos que imos cara un precipicio, imos e despois que non salve alguén. Con independencia disto, si cre que a Deputación debe garantir os servizos básicos de cada concello, e ter acceso aos fondos provinciais para cubrir cando menos eses servizos básicos, razón pola que o BNG votará a favor desta proposta.

Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista, di que coincide case na súa totalidade cos argumentos que acaba de expresar o portavoz do BNG, porque os veciños votan e teñen que ter memoria do que fan os seus gobernos municipais, e esta situación do concello dos Blancos non xurde dun mandato, nin sequera de dous, senón que se arrastra dende hai máis de vinte e cinco anos, e lembra que con algún alcalde que pagou na cárcere aqueles desmáns, e foi un dos concellos cunhas infraestruturas que para si quixeran outros concellos de bastante maior entidade. Por suposto que esta Deputación ten que colaborar cos concellos, pero iso non quita para que nos poidamos preguntar se temos que facernos cargo tamén de cousas que non son servizos mínimos, porque cando se fixo a prórroga, fíxose para atender eses servizos mínimos, pavimentación, alumeados, abastecemento, saneamento e incluso depuración, e logo despois se lle vai pagar tamén o aforro enerxético, que está moi ben, pero que se lle pague tamén ao resto de concellos, porque

o que estamos a dicir, pleno tras pleno, é que non queremos que haxa veciños de primeira e de segunda, concellos de primeira e de segunda, e neste senso o que quere poñer de manifesto é que ao mellor eses cartos que o concello recibe agora para arranxar a piscina tiña que dedicalos a amortizar débeda, para saír canto antes do burato, do mesmo xeito que se lle limitou o acceso ás subvencións nominativas.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular dille ao Sr. Varela López que os veciños de Allariz non son responsables da débeda que ten o seu concello, e di que para el a teoría do castigo aos veciños non existe, e que non lle estraña que con esa filosofía os veciños os castigaran nas últimas eleccións. Di que aquí do que se trata é de manter un equilibrio, e reitera a pregunta de se se deixan caer as infraestruturas non básicas do concello, e di que non tería sentido castigar sen ir á piscina municipal a un rapaz de dezaseis anos dos Blancos, que nin coñece a historia dos Blancos nin é corresponsable desa historia, e en todo caso, se o concello dos Blancos empregase a achega do Plan para amortizar débeda, habería que axudarlle por outra vía, porque o que non podemos é deixar caer esas infraestruturas, xa que iso incrementaría o gasto a longo prazo.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular, de Democracia Ourensana (2), de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Solicítarlle ao Consello da Xunta de Galicia a prórroga, ata o 14 de marzo de 2022, da autorización de asunción pola Deputación Provincial de Ourense da prestación dos servizos mínimos obrigatorios do Concello dos Blancos, conferida por acordo do Consello de 1 de febreiro de 2020.

6º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A PUNTOS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA PARA O EXERCICIO PARA O EXERCICIO 2020.-

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, solicita que os puntos 6º, 7º e 8º, ao estar moi relacionados, se debatan conxuntamente, sen prexuízo de que se voten individualmente.

O Sr. **presidente** pregunta aos deputados se hai algunha obxección e ao non habela, por unanimidade, enténdese aprobado que o debate dos puntos 6º, 7º e 8º da orde do día se realice de forma conxunta, sen prexuízo da votación individual dos ditos puntos.

A continuación, ábrese o debate, producíndose as intervencións que se resumen a seguir:

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, di que os puntos de atención á infancia son un servizo básico, e que este programa parécelle unha aposta polo rural, por axudar á conciliación da vida familiar e laboral dos veciños do rural, que debe ser un obxectivo a priorizar nas nosas políticas, ao igual que sucede cos programas Benourense Infancia - Servizos Complementarios e Benourense Servizo de Axuda no Fogar, nos que os fondos se reparten en base a criterios obxectivos entre os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia. Non obstante, lembra que como xa sinalou nas comisións, débese estudar a maneira de incrementar os fondos destinados a eses programas. Polo exposto, anuncia o seu voto a favor nos tres puntos.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG di que quere sinalar varios aspectos respecto destes programas. Por un lado, dende o BNG consideran que está ben que dende a Deputación se trasladen este tipo de programas, e cre que teñen moito que ver, sobre todo os dous programas do Benourense Infancia, cunha moción de Ciudadanos que logo se debaterá, pero é certo que o seu grupo bota de menos unha partida económica máis importante, sobre todo porque temos un grave problema de natalidade na provincia de Ourense. Anuncia o seu voto a favor, pero quere resaltar que estamos a falar de só 125.000 euros, tanto para os puntos de atención á infancia como para os servizos complementarios, o que, respecto do orzamento inicial da Deputación, duns 85 millóns de euros, con independencia do remanente de tesourería, ven sendo o 0,147% do total, o 0,15 % redondeando do orzamento provincial, o que non semella unha aposta moi importante por estes servizos, que dende o seu grupo cren que teñen moita incidencia en que os pais e nais decidan ter ou non fillos. Por isto, prega que nos vindeiros exercicios se considere un incremento substancial desta partida orzamentaria. Por outra banda, neste caso recoñece que si hai uns criterios obxectivos, que por exemplo non benefician ao seu concello, Allariz, porque os datos están aí, pero estes criterios obxectivos, ou outros semellantes, son os que defende o seu grupo para o reparto das partidas orzamentarias coas que se outorgan subvencións a asociacións e concellos. Por último, no que respecto ao programa de

cooperación co servizo de axuda no fogar, di que non deixan de ser competencias impropias que a Xunta de Galicia nos carga aos concellos, incluso a través das leis vixentes, e os fondos resultan sempre escasos, incluso coa axuda da Deputación, para a atención a un dos sectores máis sensibles da poboación, nunha das provincias máis avellentadas do Estado español, e aínda o serán máis no futuro, ao incrementarse o avellentamento. Entende que por isto debería reclamarse un compromiso absoluto por parte da Xunta de Galicia para ampliar a dotación de fondos para este servizo e, en tanto non se consegue, ampliar a axuda da Deputación aos concellos.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, cre que hai un certo consenso entre os grupos en canto a apoiar estes programas, e a única discrepancia ven na reclamación dun incremento na súa dotación económica, algo que sempre sucede cando se fai un programa de axudas, porque os recursos sempre son escasos e están determinados polas disponibilidades orzamentarias. En todo caso, cre que estes programas responde a competencias impropias, que terían que ser financiadas pola Xunta de Galicia, e dende ese punto de vista a axuda da Deputación podería considerarse elevada, na medida en que non lle corresponde. En todo caso, se en exercicios futuros é posible incrementar a súa dotación, benvido sexa.

Don Álvaro Vila Araújo, portavoz do Grupo Socialista, di que están basicamente a favor destes tres programas, nos que votarán a favor, pero queren facer algunhas consideracións para tentar mellorar as bases de cara ao futuro. Con respecto ao programa de servizos complementarios á infancia, as bases exclúen servizos como ludotecas, actividades de formación/capacitación complementarias á escolar e desenvolvidas no curso escolar (actividades extraescolares), actividades deportivas ou de ocio realizadas polo concello durante o curso escolar, e outras de natureza análoga ás anteriores, e cre que será mellor que a Deputación diga que é o subvencionable, pois acoutan de tal maneira que obrigan aos concellos a recorrer a subterfuxios lingüísticos nas memorias xustificativas dos proxectos para poder xustificar as subvencións. Di tamén que as bases aluden á xestión directa ou indirecta dos servizos, pero en ningún caso aluden á xestión mixta á que recorren certos concellos. Con respecto ao servizo de axuda no fogar, di que o panorama da provincia, en termos demográficos, é desolador, cunha perda de 4.000 habitantes cada ano e cunha das taxas de natalidade máis baixa de toda España, e coa taxa de avellentamento máis alta, con máis dun 30 % da poboación maior de 65 anos, ao que se lle engade un alto grao de dispersión da

poboación, o que se traduce nun alto número de persoas en concellos rurais, en núcleos espallados, que ou ben son xa usuarios de servizos sociais ou son potenciais demandantes destes servizos. Di que, ante o abandono por parte da Xunta, as deputacións provinciais vense na obriga, dende 2012, de asumir o financiamento do servizo de axuda no fogar básico en municipios de menos de 20.000 habitantes, así como o do persoal técnico dos servizos comunitarios, o que implica unha gran responsabilidade para a Deputación de Ourense, que non está plenamente asumida posto que o actual programa é insuficiente, dende o punto de vista orzamentario, e discriminatorio cos concellos de menos de 5.000 habitantes non mancomunados, que teñen que prescindir dos servizos de persoal técnico, como educadores sociais ou psicólogos, que poden ser necesarios para a atención de determinados casos. Di que hai unha larga lista de agarda para o recoñecemento da dependencia por parte da Xunta de Galicia (que se debería recoñecer en tres meses, e estamos nunha media entre un ano e un ano e medio) o que obriga aos concellos a asumir un déficit de horas anuais por este retraso na resolución do recoñecemento da dependencia. O Decreto 99/2012 obriga aos concellos a desenvolver centros de servizos comunitarios específicos, e máis aló desta obriga legal hai unha obriga moral dos alcaldes, que non queren deixar na estacada aos veciños que non teñen concedida ningunha axuda. A isto se engade tamén a carga burocrática que recae sobre os asistentes e educadores sociais, que lles resta tempo para a realización do seu traballo profesional específico. Por todo isto, cre que debería aumentarse a dotación orzamentaria do programa, porque a contía prevista é insuficiente. Por último, pide que se retire a obriga de publicidade da subvención mediante un cartel informativo nas dependencias de servizos sociais municipais, porque esa obriga sería entendible en obras cun investimento importante, pero non ten sentido neste caso.

Dona Luz Doporto Real, portavoz do Grupo Popular, di que todos podemos entender que se diga que a dotación económica destes programas é insuficiente, pero a realidade é a que é. Alédase de que os grupos da oposición coincidan na oportunidade dos programas Benourense Infancia, concibidos para axudar á conciliación laboral e familiar dos pais e nais no medio rural. Cre que debe recoñecerse o labor da Deputación Provincial ao promover estes programas, que considera fundamentais para fomentar a natalidade no marco do reto demográfico, e neste senso cre que debería terse en conta que en Galicia a Deputación de Ourense é a única que ten axudas directas á natalidade como o programa Chegou, e en España só o están a facer as deputacións de Palencia, Zamora e Soria (e por certo, esta última

visitounos para estudar os nosos programas). Di que é verdade que os programas Benourense Infancia están dotados só con 125.000 euros cada uno, pero cre que as cousas non se poden ver de forma illada, senón en conxunto, e se se suman os diferentes programas que temos, verase que no conxunto estase a falar dunha contía importante dentro das competencias que temos como deputación. Di que en efecto as bases exclúen unha serie de servizos, tal e como citou o voceiro socialista, para centrarse en servizos como un puntos de atención temperá, que son os máis valorados, e sen prexuízo de que os concellos poidan prestar outros servizos cos seus propios recursos. Con respecto ao programa Benourense SAF, que foi cualificado como unha competencia impropia, di que se promove no exercicio dunha competencia atribuída pola Lei 13/2008, dos servizos sociais de Galicia, lei que foi aprobada cando gobernaban PSOE e BNG. Destaca que no Benourense SAF este ano faise un esforzo para simplificar a xustificación dos gastos de final de ano, mediante unha certificación de gasto comprometido a 30 de novembro. Di que hai 89 concellos adheridos a este programa. Entende que as críticas ao que debería facer a Xunta para apoiar o SAF básico forman parte dun debate máis amplo cuxo foro non debe ser tanto a Deputación como o Parlamento, e nós no que nos debemos centrar é en sacar adiante as funcións que se nos asignan cos recursos que temos. Destaca que dende o SAF básico faise un esforzo moi importante, e que incluso se mantén este servizo ás persoas dependentes ata que non obteñen o recoñecemento do seu PIA.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG lembra ao respecto da cuestión das competencias locais nesta materia que na época do ministro do PP Sr. Montoro aprobouse unha modificación da Lei de bases de réxime local que restrinxía bastante as competencias municipais en tódolos ámbitos. En todo caso, o certo é que o servizo hai que seguir a prestalo, e neste senso quere facer unha achega ao respecto, indicando que a Deputación de Ourense ven de gastar uns 280.000 euros en figuras de Sargadelos, e é de supoñer que o ano que ven non será necesario gastar tanto en protocolo, polo que poderían destinarse eses 280.000 euros – que son máis dos que se dedican aos dous programas Benourense Infancia xuntos – a estes programas. O que quere dicir é que non é certo o que se di de que as dispoñibilidades orzamentarias son as que son, porque fondos hainos, e o problema e a vontade política para decidir onde van destinarse eses fondos, e polo tanto, xa que semella que estamos de acordo na importancia deste programas, será cuestión de que haxa unha verdadeira aposta ao respecto por parte da Deputación.

Don Álvaro Vila Araújo, portavoz do Grupo Socialista di que coincide coa deputada do Grupo Popular na súa valoración positiva do servizo de atención temperá, e di que a súa intervención fá no senso de que se amplíe o abano dos servizos subvencionables ao abeiro do programa Benourense Infancia Servizos Complementarios cara ao vindeiro exercicio. Con respecto ao SAF básico, sabe que non son competencias impropias dos concellos, pero os concellos teñen necesidade de prestar máis horas de servizo básico precisamente polo atraso na prestación do servizo de dependencia pola Xunta de Galicia, porque se a Xunta resolvese os expedientes de dependencia en tres meses, como está legalmente obrigada, non habería esa necesidade por parte dos concellos.

Dona Luz Doporto Real, portavoz do Grupo Popular di que recolle as suxestións que fai o Grupo Socialista e toma nota delas para futuras bases; en canto ao atraso da Xunta no recoñecemento do dereito ás prestacións dos dependentes, di que todos podemos estar de acordo nisto, ao igual que podemos estar de acordo en que se o Goberno de España, agora nas mans do PSOE, pagase todo o que se lle debe ás comunidades autónomas, tal vez eses cartos axudasen a cumprir en prazo as obrigas da Xunta coa Lei de dependencia, polo que pide que o PSOE que goberna e o BNG que os apoia peten nas portas nas que teñan que petar para que esta situación se arranxe e se pague a Galicia o que se lle debe.

O contido íntegro da deliberación conxunta dos puntos 6º, 7º e 8º recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Programa de cooperación Benourense Infancia, para a concesión de subvencións a puntos de atención á primeira infancia para o exercicio 2020, conforme coas seguintes bases:

Primeira- Obxecto da subvención:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “**BenOurense Infancia**” en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Puntos de Atención a Primeira Infancia (PAI)”.

Para os efectos das presente convocatoria enténdese como **PAI** aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen por finalidade prestar apoio aos pais, nais, titores/as e gardadores/as dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo. Exceptúanse aqueles servizos xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que poida substituíla.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos de mantemento dos centros e demais gastos inherentes ós servizos prestados dentro do PAI.

Para as subvencións concedidas nesta acción resérvase crédito na aplicación 2311/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020 por importe de 125.000,00€ (cento vinte cinco mil euros).

Segunda.- Entidades Beneficiarias.

Poderán obter subvención os concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense, que teñan PAIs de titularidade municipal e que non estean xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que a substitúa.

Terceira- Contía da subvención.

O importe da subvención obterase da realización dos seguintes cálculos:

- a) Cada concello de menos de 5.000 habitantes e, por elo, con posibilidade de ter xa en funcionamento un PAI e solicitar a axuda obxecto desta convocatoria, ten unha clasificación en graos obtida pola aplicación dos criterios recollidos no anexo I, sendo o concello clasificado como “sen prioridade” o de menor risco demográfico, o grao 1 de menor risco demográfico que o grao 2, e este menor que o grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” (en diante C.P), así, para os concellos en grao 0 e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5. Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia de menos de 5.000 habitantes e o C.P que lle corresponde a cada un.
- b) Obterase o sumatorio global dos C.P dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividirase a contía global da subvención entre o sumario obtido.

- c) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplicarase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo C.P que lle corresponde ao concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

- *Sumatorio dos C.P de todos dos concellos solicitantes* = “**C**”
- División da contía total da subvención: 125.000 / “**C**” = “**R**”.

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte:

C.P da entidade solicitante x “**R**” = **SUBVENCIÓN QUE LLE CORRESPONDE.**

Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicar a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación .

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao desta publicación. A comunicación da adhesión asinaráa dixitalmente o alcaldesa/e, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentarase no Rexistro da Deputación de Ourense. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. En todo caso, mediante resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.

Quinta- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme o descrito nestas bases, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1) Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello. Antes do 1 de xuño de 2020, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo III que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

2) Xustificación e pagamento final.

Ata o 30 de novembro de 2020 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2020, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Memoria da execución do proxecto subvencionado.
2. Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do destinatario/a.
3. Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto.
4. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
5. Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2020, obxecto da presente convocatoria.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificados polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda.

Sétima- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como non artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte co indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido non artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é ou seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: dpo@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que consta no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para ou cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así ou reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que ou soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso transferiranse os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Novena .- Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios/as, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2020 e 2021. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no

suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración se anunciará coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

Décima.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas.

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

- 1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.
- 2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitirase telematicamente á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

ANEXO I

CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE: CLASIFICACIÓN DE RETO DEMOGRÁFICO.

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “*Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico*”, neste documento recóllense, nas consideracións previas, que:

“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronte de acción”.

O citado documento enumera as “*catro figuras*” que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación de Ourense, Área de Benestar, establece unha diferenciación entre os concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que sexan aplicados a todos os programas de cooperación e de subvencións que desenvolva esta área durante o ano 2020 .

CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

A) Clasificación primaria dos concellos da provincia de Ourense.

1. **Sen prioridade demográfica:** Estarán considerados dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:
 - Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España do Ministerio de Fomento”.
 - Ter máis de 10.000 habitantes.
 - Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes e gañar poboación na última década
2. **Con prioridade demográfica:** Estarán considerados dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España do Ministerio de Fomento” e nos que concorran algunha das seguintes características:
 - Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
 - Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

B) Clasificación secundaria dos concellos da provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un GRADO. Os grados son: Grado 1, Grado 2 e Grado 3, onde o Grado 1 será o de menor intensidade e o Grado 3 o de maior intensidade.

CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS. PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRADOS.

A) Criterios para determinar a “prioridade demográfica”.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2019.

2.- Situación xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “ áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas do Ministerio de Fomento.
- Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas do Ministerio de Fomento.

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2010-2019.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2010-2019.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2010-2019.
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2010-2019.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2010-2019.

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km² .
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km²
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km²

5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64

anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2018¹-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6.- Taxa de natalidade.

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2015,2016,2017², en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

En atención ao explicado os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

1. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRADO en aplicación aos criterios seguintes:

GRAO 1.

Serán considerado como GRADO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

¹ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

² Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “ con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráse sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

GRAO 2.

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- Concellos de menos de 1000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de 1.000 habitantes ou máis de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2010-2019 maior ao 20%

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km2.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2010-2019 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais se cumpre algunha das seguintes características:
 - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO II

Clasificación de concellos “prioridade demográfica”

	CONCELLO	CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA	Coefficiente de ponderación CP
1	Allariz	sen prioridade	1
2	Amoeiro	grao 1	1
3	Arnoia, A	grao 1	1
4	Avión	grao 2	1.25
5	Baltar	grao 2	1.25
6	Bande	grao 2	1.25
7	Baños de Molgas	grao 2	1.25
8	Barbadás	sen prioridade	1
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade	1
10	Beade	grao 3	1.5
11	Beariz	grao 3	1.5
12	Blancos, Os	grao 3	1.5
13	Boborás	grao 2	1.25
14	Bola, A	grao 2	1.25
15	Bolo, O	grao 3	1.5
16	Calvos de Randín	grao 3	1.5
17	Carballeda de Avia	grao 2	1.25
18	Carballeda de Valdeorras	grao 2	1.25
19	Carballiño, O	sen prioridade	1
20	Cartelle	grao 2	1.25

21	Castrelo de Miño	grao 2	1.25
22	Castrelo do Val	grao 3	1.5
23	Castro Caldelas	grao 2	1.25
24	Celanova	grao 1	1
25	Cenlle	grao 2	1.25
26	Chandrexa de Queixa	grao 3	1.5
27	Coles	sen prioridade	1
28	Cortegada	grao 2	1.25
29	Cualedro	grao 2	1.25
30	Entrimo	grao 2	1.25
31	Esgos	grao 1	1
32	Gomesende	grao 3	1.5
33	Gudiña, A	grao 2	1.25
34	Irixo, O	grao 2	1.25
35	Larouco	grao 3	1.5
36	Laza	grao 2	1.25
37	Leiro	grao 1	1
38	Lobeira	grao 3	1.5
39	Lobios	grao 2	1.25
40	Maceda	grao 1	1
41	Manzaneda	grao 3	1.5
42	Maside	grao 1	1
43	Melón	grao 2	1.25
44	Merca, A	grao 1	1
45	Mezquita, A	grao 2	1.25
46	Montederramo	grao 3	1.5
47	Monterrei	grao 2	1.25
48	Muíños	grao 2	1.25
49	Nogueira de Ramuín	grao 2	1.25
50	Oímbra	grao 2	1.25
51	Ourense	sen prioridade	1

52	Paderne de Allariz	grao 1	1
53	Padrenda	grao 2	1.25
54	Parada de Sil	grao 3	1.5
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade	1
56	Peroxa, A	grao 2	1.25
57	Petín	grao 2	1.25
58	Piñor	grao 2	1.25
59	Pobra de Trives, A	grao 2	1.25
60	Pontedeva	grao 3	1.5
61	Porqueira	grao 3	1.5
62	Punxín	grao 3	1.5
63	Quintela de Leirado	grao 3	1.5
64	Rairiz de Veiga	grao 2	1.25
65	Ramirás	grao 2	1.25
66	Ribadavia	grao 1	1
67	Riós	grao 2	1.25
68	Rúa, A	grao 1	1
69	Rubiá	grao 2	1.25
70	San Amaro	grao 2	1.25
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade	1
72	San Cristovo de Cea	grao 2	1.25
73	San Xoán de Río	grao 3	1.5
74	Sandiás	grao 1	1
75	Sarreaus	grao 2	1.25
76	Taboadela	grao 2	1.25
77	Teixeira, A	grao 3	1.5
78	Toén	grao 1	1
79	Trasmiras	grao 2	1.25
80	Veiga, A	grao 3	1.5
81	Verea	grao 3	1.5
82	Verín	sen prioridade	1

83	Viana do Bolo	grao 2	1.25
84	Vilamarín	grao 1	1
85	Vilamartín de Valdeorras	grao 1	1
86	Vilar de Barrio	grao 2	1.25
87	Vilar de Santos	grao 2	1.25
88	Vilardevós	grao 2	1.25
89	Vilariño de Conso	grao 3	1.5
90	Xinzo de Limia	grao 1	1
91	Xunqueira de Ambía	grao 2	1.25
92	Xunqueira de Espadanedo	grao 3	1.5

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIONS E DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGACIONS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E NO PAGO DE OBRIGACIONS POR REINTEGRO DE SUBVENCIONS

D/Dona.....,
 NIF....., en nome propio, ou en representación da
 entidade con
 NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencions que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta,

PRIMEIRO: Que non se atopa incursado en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions.

SEGUNDO: Que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencions, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia co artigo 69.1 da

Lei 39/2015, así como a acreditálo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigaón de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración,

En _____, o _____ de _____ de _____.

Asdo.:

2º.-Someter o Programa inicialmente aprobado a información pública polo prazo de dez días hábiles, mediante anuncio no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que estimen oportunas, que serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, o programa considerarase automaticamente aprobado definitivamente, procedéndose á súa publicación íntegra no BOP e na sede electrónica da Deputación.

7º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA SERVIZOS COMPLEMENTARIOS, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS AOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS Á INFANCIA PARA O EXERCICIO 2020.-

O debate deste asunto tivo lugar no punto 6º da orde do día.

Procédese á votación e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Programa de cooperación Benourense Infancia Servizos Complementarios, para a concesión de subvencións aos servizos complementarios á infancia para o exercicio 2020, conforme coas seguintes bases:

Primeira.- Obxecto da subvención:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “**BenOurense Infancia- Servizos Complementarios**” en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Servizos Complementarios á infancia”.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese como **servizo complementario de atención á infancia**, aqueles servizos de titularidade municipal, que por xestión directa ou indirecta e en xornada diúrna, desenvolven funcións de atención e coidado fóra da xornada ordinaria dos centros escolares para nenos e nenas entre 3 e 12 anos actuando como soporte e apoio as familias e contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gasto de mantemento dos centros e demais gastos inherentes aos servizos prestados dentro do servizo complementario.

Para as subvencións concedidas nesta acción, resérvase crédito na aplicación 23111/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020, por importe de 125.000,00€ (cento vinte cinco mil euros).

Segunda.- Entidades beneficiarias.

Poderán obter subvención as corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, da provincia de Ourense, que contén cun centro que reúna as seguintes condicións:

- Que teñan en funcionamento un servizo complementario da súa titularidade, xestionada de forma directa ou indirecta, que organicen o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo coa finalidade de contribuír ao seu benestar e favorecer a conciliación laboral e familiar mediante a garda e custodia dos menores, funcione baixo un calendario coñecido e sistemático, con reserva de praza previa e unha regulación para a cobertura das prazas.
- Que estes centros presten servizos, cando menos, 5 días da semana durante nove meses ao ano, coa finalidade de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais/nais ou representantes legais dos nenos, excepto aqueles días sinalados como festivos no calendario laboral.

Quedan expresamente excluídos de esta consideración servizos exclusivos de ludoteca, actividades de formación/capacitación complementarias á escolar e desenvolvidas no curso escolar (actividades extraescolares), actividades deportivas ou de ocio realizadas polo concello durante o curso escolar, e outras de natureza análoga ás anteriores.

Terceira.- Contía das subvencións

O importe da subvención obterase da realización dos seguintes cálculos:

- d) Cada concello de menos de 20.000 habitantes terase en conta a clasificación, en graos, que lle corresponde segundo os criterios do anexo I e, de forma que os concellos sen prioridade demográfica presentan menor risco demográfico que os de grao 1, este menor risco demográfico que os de grao 2, sendo o de maior risco demográfico os de grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” (en adiante C.P), así, para os concellos sen prioridade demográfica e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5. Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia e o C.P que lle corresponde a cada un.
- e) Obterase o sumatorio global dos C.P dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividirase a contía global da subvención entre o sumario obtido.
- f) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplicarase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo C.P que lle corresponde ó concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

- *Sumatorio dos C.P de todos dos concellos solicitantes* = “**C**”
- División da contía total da subvención: $125.000 / “C” = “R”$.

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte:

C.P da entidade solicitante x “R”= SUBVENCIÓN QUE LLE CORRESPONDE.

Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicar a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación .

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao desta publicación. A comunicación da adhesión asinaráa dixitalmente a alcaldesa/e,

presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentarse no Rexistro electrónico da Deputación de Ourense. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. En todo caso, mediante resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.

Quinta.- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme o descrito nestas bases, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1) Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello. Antes do 1 de xuño de 2020, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo III que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

2) Xustificación e pagamento final.

Ata o 30 de novembro de 2020 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2020, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

6. Memoria da execución do proxecto subvencionado.
7. Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do destinatario/a.
8. Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto e dos copagos das persoas usuarias do servizo.
9. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
10. Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2020, obxecto da presente convocatoria.

A subvención concedida xunto cos copagamento das persoas usuarias do servizo non poderán superar o 100% do custo do servizo. De ser este o caso, a subvención minorarase na contía precisa para que non supere esta porcentaxe.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificados polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda.

Sétima- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como non artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte co indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido non artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no

que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é ou seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: dpo@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que consta no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á

finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así ou reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que ou soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso transferiranse os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

- i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.
- j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.
- k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Novena .-Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios/as, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2020 e 2021. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración se anunciará coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

Décima.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas.

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitirase telematicamente á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

ANEXO I

CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE: CLASIFICACIÓN DE RETO DEMOGRÁFICO.

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “*Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico*”, neste documento recóllense, nas consideracións previas, que:

“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas frontes de acción”.

O citado documento enumera as “*catro figuras*” que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación de Ourense, Área de Benestar, establece unha diferenciación entre os concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que sexan aplicados a todos os programas de cooperación e de subvencións que desenvolva esta área durante o ano 2020 .

CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

C) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.

3. **Sen prioridade femográfica:** Estarán considerados dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:
 - Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España do Ministerio de Fomento”.
 - Ter máis de 10.000 habitantes.
 - Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes e gañar poboación na última década
4. **Con prioridade demográfica:** Estarán considerados dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao “atlas estatístico das áreas

urbanas de España do Ministerio de Fomento” e nos que concorran algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

D) Clasificación secundaria dos concellos da provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un GRADO. Os grados son: Grado 1, Grado 2 e Grado 3, onde o Grado 1 será o de menor intensidade e o Grado 3 o de maior intensidade.

CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS. PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRADOS.

B) Criterios para determinar a “prioridade demográfica”.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2019.

2.- Situación xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “ áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas do Ministerio de Fomento.
- Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas do Ministerio de Fomento.

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2010-2019.

- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2010-2019.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2010-2019.
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2010-2019.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2010-2019.

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km².
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km²
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km²

5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2018³-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6.- Taxa de Natalidade.

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2015,2016,2017⁴, en atención ao que os concellos clasificaranse en :

³ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

⁴ Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

En atención ao explicado os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

3. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

4. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRADO en aplicación aos criterios seguintes:

GRAO 1.

Serán considerado como GRADO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideráraselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

GRAO 2.

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdese entre un 15% e un 20% da súa poboación.

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- Concellos de menos de 1000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2010-2019 maior ao 20%
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2010-2019 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:
 - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO II

Clasificación de concellos “prioridade demográfica”

	CONCELLO	CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA	Coefficiente de ponderación CP
1	Allariz	sen prioridade	1
2	Amoeiro	grao 1	1

3	Arnoia, A	grao 1	1
4	Avión	grao 2	1.25
5	Baltar	grao 2	1.25
6	Bande	grao 2	1.25
7	Baños de Molgas	grao 2	1.25
8	Barbadás	sen prioridade	1
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade	1
10	Beade	grao 3	1.5
11	Beariz	grao 3	1.5
12	Blancos, Os	grao 3	1.5
13	Boborás	grao 2	1.25
14	Bola, A	grao 2	1.25
15	Bolo, O	grao 3	1.5
16	Calvos de Randín	grao 3	1.5
17	Carballeda de Avia	grao 2	1.25
18	Carballeda de Valdeorras	grao 2	1.25
19	Carballiño, O	sen prioridade	1
20	Cartelle	grao 2	1.25
21	Castrelo de Miño	grao 2	1.25
22	Castrelo do Val	grao 3	1.5
23	Castro Caldelas	grao 2	1.25
24	Celanova	grao 1	1
25	Cenlle	grao 2	1.25
26	Chandrexa de Queixa	grao 3	1.5
27	Coles	sen prioridade	1
28	Cortegada	grao 2	1.25
29	Cualedro	grao 2	1.25
30	Entrimo	grao 2	1.25
31	Esgos	grao 1	1
32	Gomesende	grao 3	1.5
33	Gudiña, A	grao 2	1.25

34	Irixo, O	grao 2	1.25
35	Larouco	grao 3	1.5
36	Laza	grao 2	1.25
37	Leiro	grao 1	1
38	Lobeira	grao 3	1.5
39	Lobios	grao 2	1.25
40	Maceda	grao 1	1
41	Manzaneda	grao 3	1.5
42	Maside	grao 1	1
43	Melón	grao 2	1.25
44	Merca, A	grao 1	1
45	Mezquita, A	grao 2	1.25
46	Montederramo	grao 3	1.5
47	Monterrei	grao 2	1.25
48	Muíños	grao 2	1.25
49	Nogueira de Ramuín	grao 2	1.25
50	Oímbra	grao 2	1.25
51	Ourense	sen prioridade	1
52	Paderne de Allariz	grao 1	1
53	Padrenda	grao 2	1.25
54	Parada de Sil	grao 3	1.5
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade	1
56	Peroxa, A	grao 2	1.25
57	Petín	grao 2	1.25
58	Piñor	grao 2	1.25
59	Pobra de Trives, A	grao 2	1.25
60	Pontedeva	grao 3	1.5
61	Porqueira	grao 3	1.5
62	Punxín	grao 3	1.5
63	Quintela de Leirado	grao 3	1.5
64	Rairiz de Veiga	grao 2	1.25

65	Ramirás	grao 2	1.25
66	Ribadavia	grao 1	1
67	Riós	grao 2	1.25
68	Rúa, A	grao 1	1
69	Rubiá	grao 2	1.25
70	San Amaro	grao 2	1.25
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade	1
72	San Cristovo de Cea	grao 2	1.25
73	San Xoán de Río	grao 3	1.5
74	Sandiás	grao 1	1
75	Sarreaus	grao 2	1.25
76	Taboadela	grao 2	1.25
77	Teixeira, A	grao 3	1.5
78	Toén	grao 1	1
79	Trasmiras	grao 2	1.25
80	Veiga, A	grao 3	1.5
81	Verea	grao 3	1.5
82	Verín	sen prioridade	1
83	Viana do Bolo	grao 2	1.25
84	Vilamarín	grao 1	1
85	Vilamartín de Valdeorras	grao 1	1
86	Vilar de Barrio	grao 2	1.25
87	Vilar de Santos	grao 2	1.25
88	Vilardevós	grao 2	1.25
89	Vilariño de Conso	grao 3	1.5
90	Xinzo de Limia	grao 1	1
91	Xunqueira de Ambía	grao 2	1.25
92	Xunqueira de Espadanedo	grao 3	1.5

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE SUBVENCÍONS E DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E NO PAGO DE OBRIGACIÓNS POR REINTEGRO DE SUBVENCÍONS

D/Dona.....,
NIF....., en nome propio, ou en representación da
entidade, con
NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta,

PRIMEIRO: Que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SEGUNDO: Que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditarlo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración,

En _____, o _____ de _____ de _____.

Asdo.:

2º.-Someter o Programa inicialmente aprobado a información pública polo prazo de dez días hábiles, mediante anuncio no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que estimen oportunas, que serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, o programa considerarase automaticamente aprobado definitivamente, procedéndose á súa publicación íntegra no BOP e na sede electrónica da Deputación.

8º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN ECONÓMICA COAS ENTIDADES LOCAIS PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICO 2020.-

O debate deste asunto tivo lugar no punto 6º da orde do día.

Procédese á votación e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Programa de cooperación económica coas entidades locais para o servizo de axuda no fogar básico 2020, conforme coas seguintes bases:

1.- Obxecto, fundamento competencial e dotación orzamentaria.

O Programa BenOurense SAF básico regula a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva destinadas ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes que presten o servizo de atención no fogar básico (SAF básico). Inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

O presente programa establécese no exercicio das competencias atribuídas á Deputación polos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Para a concesión destas axudas reservase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111 46200 de novecentos mil catrocentos oitenta e nove euros (900.489€).

II .- Beneficiarios.

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, a Deputación subvencionará, a través

deste programa, ás entidades locais da provincia de Ourense, de menos de 20.000 habitantes, que presten o SAF básico, tanto nos supostos de xestión directa como de xestión indirecta do servizo.

Considerarase SAF básico para os efectos deste programa, aquel cuxas persoas usuarias accedan ao servizo en réxime de libre concorrència. Considerarase tamén como persoas usuarias en réxime de libre concorrència ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes no marco da lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, en tanto o seu programa de atención individualizada (PIA) non teña efectividade ou o devandito programa non contemple ou non poida dar cobertura ao número de horas de atención domicilia que, a criterio dos servizos sociais municipais, sexa necesario para a persoa usuaria, podendo xustificarse a cargo desta subvención aquelas horas que sexan cubertas a través do sistema de libre concorrència ás devanditas persoas beneficiarias.

III. - Contía da subvención.

1. O importe da subvención por entidade local determínase da forma seguinte:

a) Tramo fixo: asígnase un primeiro tramo fixo segundo o grao no que estea clasificado o concello adherido en atención “ á prioridade demográfica”, tal e como establecen os criterios recollidos no Anexo I. Os concellos aparecen clasificados por graos no Anexo II e as contías asignadas do tramo fixo son as seguintes:

- Concellos clasificados como “sen prioridade”: 2.000,00 €
- Concellos clasificados como grao 1: 3.000,00 €
- Concellos clasificados como grao 2: 3.500,00 €
- Concellos clasificados como grao 3: 4.000,00 €

b) Tramo variable: para o cálculo deste tramo aplicarase a ratio de cobertura por habitante recollido no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividi-lo crédito orzamentario dispoñible – logo de restarlle o importe total destinado ao tramo fixo-, entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte:

b.1) Concellos de áreas caracterizadas como semi urbanas:

- De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.

- Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

b.2) Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

- De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.

- Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

b.3) Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o SAF básico sexa prestado por mancomunidades, a contía será o resultado de sumalas cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como Anexo III do presente Programa.

2. A contía máxima inicial prevista por entidade local - que aparece recollida no anexo III deste programa-, queda condicionada a que esta contía non supere o custo neto do SAF básico para a entidade local calculado conforme as regras seguintes:

a) Xestión directa do servizo:

O custo total do SAF estará determinado pola suma dos seguintes custos:

- O custo total do persoal auxiliar de axuda no fogar (básico e dependencia).

- O custo dos desprazamentos do persoal de axuda no fogar (básico e dependencia).

- O 10 % da suma dos importes anteriores, en concepto de gastos xerais.

A partir do custo do SAF total determinarase o custo bruto do SAF básico multiplicando o custo do SAF total (básico e dependencia), polo número de horas de servizos prestados de SAF básico, e dividindo o resultado entre o número de horas de servizos prestados do SAF total.

b) Xestión indirecta do servizo: o custo bruto do SAF básico determinarase multiplicando o número de horas de servizo prestadas pola empresa adxudicataria polo prezo unitario por hora establecido no contrato administrativo correspondente. No caso de que o contrato administrativo non estableza ese prezo unitario, este será determinado pola Deputación Provincial coa información subministrada pola entidade local interesada.

Obtido o custo bruto do SAF básico, tanto para a xestión directa coma para a xestión indirecta, o seu custo neto será a diferenza entre o custo bruto e os ingresos liquidados pola

entidade local (ou entidade que xestione o servizo por conta da entidade local) en concepto de taxas ou prezos públicos pola súa prestación.

A determinación do custo neto do SAF básico obtido da forma indicada aparecerá reflectido na certificación emitida polo secretario/interventor da entidade local correspondente e será o gasto efectivamente xustificado aos efectos deste Programa.

IV.- Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlles a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía/Presidencia (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que poñerá a súa disposición a Deputación.

A comunicación da adhesión asinarase dixitalmente polo/a alcalde/alcaldesa, presidente/a ou secretario/a da entidade local e presentarase no Rexistro electrónico da Deputación no prazo máximo de quince días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ao Programa, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de co financiamento non utilizados

incrementarán de forma lineal o importe total asignado aos concellos clasificados en grao III, de forma que a contía total do remanente dividirse entre o número de concellos de grao III e a contía resultante será na que se incremente a contía xa recollida para cada un destes concellos no Anexo III destas bases.

Coa adhesión, os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa .

V.- Réxime xurídico.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita Ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

VI.- Xustificación e pagamento.

A subvención prevista no presente Programa entenderanse automaticamente concedida ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base IV, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1. Pago anticipado a conta da xustificación final:

Antes do 1 de xuño, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 70 % do importe total de subvención previsto a cada concello. O 30% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases e que será ,como máximo, o 30 de novembro de 2020.

A xustificación do programa incluírá soamente os gastos efectuados ata a data de finalización da xustificación (30 de novembro de 2020), os gastos correspondente ao meses de novembro e decembro do 2020 poderán xustificarse cun certificado de gastos comprometidos asinados polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

2. Xustificación e pago final.

A xustificación da subvención poderase realizar de dúas formas, cuxa elección dependerá do criterio da entidade beneficiaria:

a) **Automatizada:** Realizarase de modo sucesivo e con periodicidade mensual, mediante o emprego da plataforma informática <http://benourense.depourense.es>, do seguinte xeito:

a) Antes do día 10 de cada mes, a entidade local introducirá na plataforma as previsións relativas á prestación do servizo (usuarios, persoal adscrito, horas de prestación) correspondentes ao mes en curso.

b) Posteriormente, a medida que se vaian producindo, as entidades locais introducirán na dita plataforma as modificacións dos datos que se produzan con respecto ás previsións inicialmente comunicadas. En todo caso, antes do día 10 do mes seguinte ao da prestación dos servizos deberán introducirse a totalidade das modificacións producidas, debendo terse comunicado nese prazo a través da plataforma os datos definitivos de prestación do servizo. Concluído o prazo sinalado, non se poderán introducir novos datos no sistema, agás que se acredite causa xustificativa que impidise a súa introdución en prazo. Neste supostos, a entidade local interesada deberá solicitar da Presidencia autorización para a introdución extemporánea dos datos. A Presidencia resolverá de modo motivado estas solicitudes, estimándoas no caso de que se aprecie a existencia de causa xustificativa da demora, habilitando ao seu través un prazo suplementario para a introdución ou corrección dos datos de que se trate.

c) O sistema automatizará a emisión da certificación final sempre que se teñan cumprimentados os datos conforme o procedemento descrito anteriormente. Esta certificación presentarse no Rexistro electrónico da Deputación de Ourense, asinada electronicamente polo funcionario responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria, ata o 30 de novembro de 2020.

b) Manual: As entidades beneficiarias cumprimentarán a certificación de gastos e a memoria no formulario tipificado pola Deputación de Ourense .

A certificación de gastos e a memoria económica deberá estar firmada polo responsable da secretaría/intervención e os datos reflectiran o sistema de cálculo do custo bruto e neto recollido na base III.2 , apartados a) ou b) segundo corresponda o tipo de xestión directa ou indirecta do servizo, deberá de estar firmada electronicamente polo funcionario responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria e ser presentada no rexistro electrónico da Deputación de Ourense ata o día 30 de novembro de 2020.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo IV que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

VII.- Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos no que o importe do gasto xustificado (correspondente ao custo neto do SAF básico) polas entidades locais beneficiarias sexa inferior á contía inicial máxima da subvención prevista no presente Programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse re axustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de se-lo caso.

VIII.- Réxime de protección de datos achegados coa solicitude.

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas non que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- . En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: dpo@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva .

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos. j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

IX. Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2020 e 2021. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo, a Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

X.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

- 1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento do SAF básico que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, poderá lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, ou ao reintegro ou perda parcial do ditos dereitos, en función da gravidade do incumprimento. A declaración de reintegro ou perda total ou parcial do dereito á subvención será resolta pola Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.
- 2.- A identificar o servizo co- financiado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Transcorridos quince días dende esa publicación remitirase telematicamente á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como co financiado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades adheridas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

ANEXO I

CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE: CLASIFICACIÓN DE RETO DEMOGRÁFICO.

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “*Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico*”, neste documento recóllense, nas consideracións previas, que:

“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronteiras de acción”.

O citado documento enumera as “*catro figuras*” que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación de Ourense, Área de Benestar, establece unha diferenciación entre os concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que sexan aplicados a todos os programas de cooperación e de subvencións que desenvolva esta área durante o ano 2020 .

CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

E) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.

5. **Sen Prioridade Demográfica:** Estarán considerados dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España do Ministerio de Fomento”.

- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes e gañar poboación na última década

6. **Con Prioridade Demográfica:** Estarán considerados dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España do Ministerio de Fomento” e nos que concorran algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

F) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense.

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un GRADO. Os grados son: Grado 1, Grado 2 e Grado 3, onde o Grado 1 será o de menor intensidade e o Grado 3 o de maior intensidade.

CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS. PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRADOS.

C) Criterios para determinar a “prioridade demográfica”.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2019.

2.- Situación Xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “ áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas do Ministerio de Fomento.
- Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas do Ministerio de Fomento.

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2010-2019.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2010-2019.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2010-2019.
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2010-2019.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2010-2019.

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km².
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km²
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km²

5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE y referidas ao ano 2018-, e as persoas menores de 15 anos e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600

6.- Taxa de Natalidade.

Esta taxa obtense do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo INE e referidos aos anos 2016,2017,2018 ,en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

En atención ao explicado os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

5. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

6. Con Prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRADO en aplicación aos criterios seguintes:

GRAO 1.

Serán considerado como GRADO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “ con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

GRAO 2.

Concellos Con prioridade demográfica , que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- Concellos de menos de 1000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de máis de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de máis de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- Concellos de máis de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de máis de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2010-2019 maior ao 20%
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2010-2019 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:
 - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO II

Clasificación de concellos “prioridade demográfica”

	CONCELLO	CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA
1	Allariz	sen prioridade
2	Amoeiro	grao 1
3	Arnoia, A	grao 1
4	Avión	grao 2
5	Baltar	grao 2
6	Bande	grao 2
7	Baños de Molgas	grao 2
8	Barbadás	sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade
10	Beade	grao 3
11	Beariz	grao 3
12	Blancos, Os	grao 3
13	Boborás	grao 2
14	Bola, A	grao 2
15	Bolo, O	grao 3
16	Calvos de Randín	grao 3
17	Carballeda de Avia	grao 2
18	Carballeda de Valdeorras	grao 2
19	Carballiño, O	sen prioridade
20	Cartelle	grao 2
21	Castrelo de Miño	grao 2
22	Castrelo do Val	grao 3
23	Castro Caldelas	grao 2
24	Celanova	grao 1
25	Cenlle	grao 2
26	Chandrexa de Queixa	grao 3
27	Coles	sen prioridade
28	Cortegada	grao 2

29	Cualedro	grao 2
30	Entrimo	grao 2
31	Esgos	grao 1
32	Gomesende	grao 3
33	Gudiña, A	grao 2
34	Irixo, O	grao 2
35	Larouco	grao 3
36	Laza	grao 2
37	Leiro	grao 1
38	Lobeira	grao 3
39	Lobios	grao 2
40	Maceda	grao 1
41	Manzaneda	grao 3
42	Maside	grao 1
43	Melón	grao 2
44	Merca, A	grao 1
45	Mezquita, A	grao 2
46	Montederramo	grao 3
47	Monterrei	grao 2
48	Muíños	grao 2
49	Nogueira de Ramuín	grao 2
50	Oímbra	grao 2
51	Ourense	sen prioridade
52	Paderne de Allariz	grao 1
53	Padrenda	grao 2
54	Parada de Sil	grao 3
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade
56	Peroxa, A	grao 2
57	Petín	grao 2
58	Piñor	grao 2
59	Pobra de Trives, A	grao 2
60	Pontedeva	grao 3

61	Porqueira	grao 3
62	Punxín	grao 3
63	Quintela de Leirado	grao 3
64	Rairiz de Veiga	grao 2
65	Ramirás	grao 2
66	Ribadavia	grao 1
67	Riós	grao 2
68	Rúa, A	grao 1
69	Rubiá	grao 2
70	San Amaro	grao 2
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	grao 2
73	San Xoán de Río	grao 3
74	Sandiás	grao 1
75	Sarreaus	grao 2
76	Taboadela	grao 2
77	Teixeira, A	grao 3
78	Toén	grao 1
79	Trasmiras	grao 2
80	Veiga, A	grao 3
81	Verea	grao 3
82	Verín	sen prioridade
83	Viana do Bolo	grao 2
84	Vilamarín	grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	grao 1
86	Vilar de Barrio	grao 2
87	Vilar de Santos	grao 2
88	Vilardevós	grao 2
89	Vilariño de Conso	grao 3
90	Xinzo de Limia	grao 1
91	Xunqueira de Ambía	grao 2
92	Xunqueira de Espadanedo	grao 3

ANEXO III
CONTÍAS SAF BÁSICO 2020

	ENTIDADE LOCAL	CONTÍA TOTAL
1	Allariz	18.845,91
2	Amoeiro	9.206,96
3	Arnoia, A	5.722,35
4	Avión	8.386,62
5	Baltar	6.118,90
6	Bande	13.206,09
7	Baños de Molgas	7.635,25
8	Barbadás	17.023,30
9	Barco de Valdeorras, O	37.326,60
10	Beade	5.080,77
11	Beariz	6.643,40
12	Blancos, Os	6.085,32
13	Boborás	9.720,57
14	Bola, A	6.647,04
15	Bolo, O	6.406,56
16	Calvos de Randín	6.096,21
17	Carballeda de Avia	7.000,94
18	Carballeda de Valdeorras	7.706,03
19	Carballiño, O	38.530,97
20	Cartelle	10.692,45
21	Castrelo de Miño	7.172,45
22	Castrelo do Val	6.678,79
23	Castro Caldelas	11.275,04
24	Celanova	18.378,57
25	Cenlle	6.549,03
26	Chandrexa de Queixa	6.896,58
27	Coles	10.303,17
28	Cortegada	6.453,75

29	Cualedro	8.070,83
30	Entrimo	10.741,46
31	Esgos	6.038,14
32	Gomesende	5.992,76
33	Gudiña, A	11.465,60
34	Irixo, O	7.490,97
35	Larouco	5.167,89
36	Laza	6.843,05
37	Leiro	7.268,65
38	Lobeira	9.069,02
39	Lobios	14.349,48
40	Maceda	10.818,59
41	Manzaneda	9.526,37
42	Maside	10.363,96
43	Melón	6.723,26
44	Merca, A	8.207,86
45	Mezquita, A	9.998,25
46	Montederramo	8.516,38
47	Monterrei	10.384,83
48	Muíños	13.040,94
49	Nogueira de Ramuín	8.939,26
50	Oímbra	8.160,67
51	Ourense	0,00
52	Paderne de Allariz	6.767,73
53	Padrenda	8.258,67
54	Parada de Sil	7.417,46
55	Pereiro de Aguiar	19.082,76
56	Peroxa, A	8.451,96
57	Petín	5.843,94
58	Piñor	6.701,49
59	Pobra de Trives, A	16.629,90
60	Pontedeva	5.391,12
61	Porqueira	6.218,72
62	Punxín	5.886,59
63	Quintela de Leirado	5.685,14

64	Rairiz de Veiga	6.946,50
65	Ramirás	7.812,21
66	Ribadavia	16.677,10
67	Riós	7.627,09
68	Rúa, A	14.744,23
69	Rubiá	7.292,24
70	San Amaro	6.464,64
71	San Cibrao das Viñas	9.357,16
72	San Cristovo de Cea	9.317,67
73	San Xoán de Río	7.372,99
74	Sandiás	6.283,16
75	Sarreaus	6.663,37
76	Taboadela	7.390,24
77	Teixeira, A	6.007,28
78	Toén	6.205,57
79	Trasmiras	7.000,94
80	Veiga, A	6.420,17
81	Verea	6.567,18
82	Verín	37.951,65
83	Viana do Bolo	21.832,32
84	Vilamarín	8.047,24
85	Vilamartín de Valdeorras	7.873,01
86	Vilar de Barrio	7.058,11
87	Vilar de Santos	5.732,33
88	Vilardevós	8.525,46
89	Vilariño de Conso	7.296,77
90	Xinzo de Limia	29.447,65
91	Xunqueira de Ambía	7.243,23
92	Xunqueira de Espadanedo	6.028,15
TOTAL		900.489,00 €

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIONS E DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGACIONS TRIBUTARIAS E COA

SEGURIDADE SOCIAL E NO PAGO DE OBRIGACIÓNS POR REINTEGRO DE SUBVENCIONS

D/Dona.....,
NIF....., en nome propio, ou en representación da entidade
....., NIF.....,

Conforme co disposto no artigo 69 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **DECLARA RESPONSABLEMENTE** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao seu cobro:

PRIMERO: Que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SEGUNDO: Que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano concedente da subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración,

En _____, a _____ de _____ de _____.

Asdo.:

2º.- Someter o Programa inicialmente aprobado a información pública polo prazo de dez días hábiles, mediante anuncio no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que estimen oportunas, que serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, o programa considerarase automaticamente aprobado definitivamente, procedéndose á súa publicación íntegra no BOP e na sede electrónica da Deputación.

9º.- NOMEAMENTO DE DON ALFREDO CONDE CID COMO FILLO PREDILECTO DA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa.

Antes da intervención dos grupos o Sr. presidente dálle a palabra ao instrutor do expediente, don César Manuel Fernández Gil.

Don César Manuel Fernández Gil, instrutor do expediente de nomeamento de don Alfredo Conde Cid como fillo predilecto da provincia de Ourense da lectura á proposta de resolución formulada.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, di que pouco cabe engadir ao extenso relatorio do instrutor do expediente, e anuncia o voto favorable do seu grupo.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG coincide co expresado pola deputada de C's, comentando que nunha recente intervención de don Alfredo Conde no concello de Allariz escoitoulle dicir que a súa estirpe remontábase a devanceiros tan ilustres como o pai Feijóo, ante o que só cabe dicir que de tal pao, tal estela, e darlle os parabéns.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que o expediente pon de manifesto que concorren na persoa de don Alfredo Conde Cid méritos máis que suficientes para este recoñecemento, polo que o seu grupo votará a favor.

Dona Susana Rodríguez Estévez, portavoz do Grupo Socialista anuncia o voto favorable do seu grupo, cualificando ao don Alfredo Conde Cid como un excelente embaixador da intelectualidade ourensá.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, portavoz do Grupo Popular, anuncia tamén o voto favorable do seu grupo, destacando que a provincia de Ourense, a Atenas de Galicia, ten dado moitos persoeiros que, como agora Alfredo Conde Cid, son acredores dese recoñecemento.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#).

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Outorgarlle o título honorífico de fillo predilecto da provincia de Ourense ao insigne escritor ourensán don Alfredo Conde Cid, como recoñecemento do noso pobo a un destacado veciño, cuxa frutífera traxectoria literaria e vital o sitúa como un dos escritores máis insignes que deu o noso país.

10º.- MOCIÓN DE CIUDADANOS RELATIVA AO PROXECTO PILOTO PLAN DE NATALIDADE (ADAPTADO ÁS NECESIDADES REAIS DA NOSA PROVINCIA).

O Sr. presidente di que hai acordo entre os portavoces dos grupos para tratar a moción que figura no punto 13º da orde do día neste punto, e cédelle a palabra á portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía para que expoña o contido da moción.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, agradece que se lle permita tratar este punto neste momento, dado que por unha cuestión persoal terá que abandonar o salón de plenos antes do remate da sesión. Di que o seu grupo trae a esta sesión unha proposta de plan de natalidade que inclúe un maior gasto na partida orzamentaria. Di que tras escoitar as opinións dos demais grupos nas comisións informativas quere propoñer á Presidencia e ao resto de grupos un acordo común, porque dende o minuto un manifestou que estaría disposta a aceptar cambios na proposta sempre e cando velemos pola defensa dos intereses dos nosos veciños. Formula por isto verbalmente a proposta de acordo que propón, que sería a seguinte:

“1º) Convocar á Comisión Informativa do Reto Demográfico para estudar, entre todos os partidos políticos, a posibilidade de mellorar o plan de natalidade vixente. Unha comisión que avaliará todos os indicadores sociodemográficos e escoitará e convidará a esta comisión a calquera axente implicado ou experto neste tema, e tódolos partidos políticos formularán as súas propostas e inxerencias que serán analizadas e debatidas”.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG lembra que, en efecto, na comisión o seu grupo manifestou que a proposta da Sra. Lama centrábase no incremento da achega económica cara aos nacementos, que é algo que vemos que non está a dar resultado, e en cambio di que a súa experiencia no concello de Allariz, que nunca deu axudas directas á natalidade, pero en cambio creou o caldo de cultivo para permitir unha importante taxa de nacementos, 54 nacementos que por un concello dese tamaño é unha cifra importante. O que é claro é que o que a cidadanía reclama son postos de traballo, dunha banda, e doutra unha rede social de apoio dende os servizos das administracións públicas que lle garanta o desenvolvemento do seu proxecto vital acompañado da crianza dos seus fillos. Parécelle razoable a proposta formulada hoxe pola Sra. Lama, polo que van apoiala, aínda coas lóxicas reservas en canto á eficacia das comisións, pero en todo caso cre que será positivo o debate, e neste senso ofrece a colaboración do Concello de Allariz dende a súa experiencia neste eido.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, felicita á Sra. Lama polo que cualifica como auto – emenda de substitución, na medida en que recolle de modo acertado o resultado do debate da comisión, no que o resto de grupos amosaron o seu escepticismo en canto á eficacia das axudas directas á natalidade, polo que considera acaído que se abra ese debate en comisión, coa presenza de expertos, ante a dificultade que representa este problema, que non é tampouco exclusivo da provincia de Ourense (aínda que aquí se perciba con particular intensidade) senón que afecta a moitas rexións da Unión Europea. Anuncia o seu voto a favor.

D.ª Margarita Pérez Fernández, portavoz do Grupo Socialista di que os datos que se reflicten na moción de C's son moi preocupantes, polo que estamos ante un problema que hai que analizar na procura das súas causas e da solución máis axeitada. Entende que a proposta que agora se formula ven implicar unha modificación do programa Chegou que a Sra. Lama presentou en decembro de 2017, plan que, transcorridos dous anos, non demostrou obter resultados, e aí están as estatísticas que así nolo indican, e incluso se observa unha regresión demográfica en moitos concellos, que neste tempo pasaron do grao 2 ao grao 3 (como Xunqueira de Espadanedo, Quintela de Leirado, Verea, Pontedeva, A Veiga...) Considera que dar axudas de 1800 ou 1200 euros, como se propuña na proposta, pode estar ben como axuda, pero non vai dar resultados como incentivo á natalidade. Pon como exemplo o caso de Chandrexa de Queixa, que ofrece axudas de 3.000 euros por nacemento dende hai catro anos, e nese tempo naceu un só neno; ou Larouco, que ofrece 1.500 euros por nacemento, e no último ano non naceu ningún neno. Di que as causas desta problemática, son diversas, e cita a incorporación da muller ao traballo (que lle leva a atrasar ou mesmo renunciar á maternidade, máxime se sente que o feito de ter fillos pode prexudicar a súa traxectoria laboral) , o carácter precario e inestable do mercado laboral, as dificultades para o acceso á vivenda, a dificultade para a conciliación familiar (en contraste cos países do norte de Europa, que si teñen políticas eficaces neste eido, e por iso teñen maior natalidade) e a falla de servizos básicos para a infancia (pediatras, puntos de atención...) Neste senso, cre que o problema debería combaterse non con prestacións económicas, senón con políticas que afronten directamente as causas sinaladas. Anuncia o seu voto a favor da proposta formulada hoxe pola Sra. Lama.

Dona Luz Doporto Real, portavoz do Grupo Popular, agradece á Sra. Lama o seu esforzo e reconece a coherencia da súa actitude construtiva, e anuncia o apoio do seu grupo á

moción tal como foi reformulada. Con respecto á proposta inicial, di que era unha proposta natalista, baseada en axudas económicas directas á natalidade, que como se ten dito carecen de eficacia. Cita ao respecto un estudo levado a cabo pola Universidade de Zaragoza sobre políticas demográficas dende o enfoque da demanda. Da lecturas algún parágrafos dese estudo, nos que se afirma que os elementos clave para o fomento da natalidade son a calidade de vida, a estabilidade económica e a conciliación da vida laboral e familiar, así como que no medio rural se producen unha serie de carencias fundamentais ao respecto da dotación de bens e servizos, polo que as políticas de fomento da natalidade deben centrarse en conseguir que as parellas novas poidan desenvolver o seu proxecto profesional no medio rural. É dicir, a clave é que temos que ter mulleres en idade fértil no medio rural, e subliña que esta é unha das estratexias que se están a levar a cabo na Deputación con programa Emprendou, con financiamento do Fondo Social Europeo, posto en marcha en 2019 e no que, neste momento, hai xa máis de 75 emprendedores que iniciaron a súa actividade en concellos de reto demográfico da provincia de Ourense, e hai outras moitas iniciativas, como os servizos do Programa Benourense Infancia ou as casas niño promovidas dende a Xunta de Galicia. Subliña o fracaso das políticas natalistas puras, baseadas en axudas directas, e insiste na importancia dos factores indirectos, sinalando que no caso de Allariz cre que o factor fundamental é que a vivenda ten un prezo máis accesible o que, estando preto de Ourense, lle permite manter certa taxa de natalidade (malia ter serios problemas de emprego). Engade que ademais dos factores laborais, económicos ou de vivenda hai que ter en conta factores de orde psicolóxico e cultural, que levan a que as mulleres teñan fillos máis tarde (o que reduce a natalidade) por unha opción que prima tanto o seu desenvolvemento profesional como a priorización do tempo de lecer, e a que os fillos sexan hoxe o resultado dunha elección persoal en liberdade, o que representa unha diferenza esencial con respecto ao mundo dos nosos avós, onde, non nos enganemos, ter fillos ofrecía un rendemento económico neto, dado que os fillos eran man de obra barata nunha sociedade agraria, algo que por fortuna se ten superado, e cre que hai que ter en conta tamén este tipo de factores que completan a casuística desta problemática. Anuncia o voto a favor da moción reformulada.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, agradece o voto favorable do resto dos grupos á súa proposta, a través da que se reformulou o ambicioso proxecto inicialmente contido na moción, co acordo de tódolos grupos.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG di que estamos a falar dun problema real, porque entre 2008 e 2018 pasouse de 2156 a 1488 nacementos anuais, 668 nacementos anuais menos, case un 40 % menos, e polo tanto a situación é máis que alarmante. Con respecto á situación do Concello de Allariz, dille á Sra. Doporto Real que hai moitos máis concellos que están preto de Ourense e que teñen a vivenda máis barata aínda que Allariz, e non obstante as cifras de natalidade de Allariz son superiores, e polo tanto algo haberá en Allariz que teña que ver con esa situación.

D.^a Margarita Pérez Fernández, portavoz do Grupo Socialista, cre que os grupos coinciden no diagnóstico das causas da baixa natalidade, e por isto é necesario que a comisión empece a traballar na solución, que pasan pola estabilidade laboral, a conciliación da vida familiar e laboral e o acceso á vivenda, cun especial fincapé no rural, que segue a perder xente porque non teñen os servizos que desexan para os seus fillos, e pon como exemplo que na aldea de Souto do Bispo, en Gomesende, onde hai familias con nenos pequenos, teñen o pediatra a 50 quilómetros e o colexio a 20 quilómetros de distancia, o que é significativo da dificultade que padecen.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, pecha o debate agradecendo o seu apoio ao resto dos grupos e, a petición da Presidencia, da lectura ao texto do acordo que se someterá a votación.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#).

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Convocar a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego para estudar, entre todos os partidos políticos, a posibilidade de mellorar o plan de natalidade vixente. Unha comisión que avaliará todos os indicadores sociodemográficos e escoitará e invitará a esta comisión a calquera axente implicado ou experto neste tema. Todos os partidos políticos formularán as súas propostas e inquiredanzas, que serán analizadas e debatidas.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE INVESTIGACIÓN SOBRE OS CONTRATOS MENORES DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-

O Sr. presidente di que hai unha emenda de modificación a esta moción que a portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía retira, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que a forma máis sutil pero tamén a máis perigosa de estragar á democracia é desprestixiar as institucións, e dese desprestixio continuo, e como mínimo dunhas malas prácticas de goberno, trata esta moción. Di que é consciente de que algúns lles vai sorprender que se fale de estragar a democracia, pero o Grupo Popular a perverte día tras día, ano tras ano e década tras década. Xi que tamén haberá quen lle diga que a democracia consiste en que os cidadáns voten e elixan libremente aos seus gobernantes, e iso é unha evidencia que ninguén vai discutir, pero precisamente por iso esta moción, máis que incluso que outra de DO que se presentara no 2016, ten máis sentido que nunca, porque xustamente os cidadáns dixéronlle ao Sr. Baltar que non era o que tiña que rexer os destinos desta casa, porque de forma maioritaria os cidadáns da provincia votaron a partidos que dicían que a forma de gobernar esta provincia non era a axeitada: así o dixeron os votantes do PSdG – PSOE, os do BNG, supón tamén que os de C's, e tamén os que votaron a DO, que foi o partido que amosou un discurso máis vehemente contra esas malas prácticas. E neste senso, o actual socio de goberno do PP, DO, dicía o 30 de xullo de 2016, nunha moción, o seguinte: que arredor do 75 % das obras que se dan a dedo nesta Deputación se adxudican a cinco empresas, cando na provincia as empresas de construción son entre duascenas e trescentas, e se afirmaba textualmente que a Deputación estaba a malversar o diñeiro público, e probablemente se estea a producir un enriquecemento ilícito, e neste senso lembraban que este asunto fora levado por DO á Fiscalía, e que agardaban que o fiscal fixese o seu traballo. Di que cando as administracións camiñan cara á redución dos contratos de obra adxudicados a dedo, nesta casa vaise pola senda contraria, e entende que o actual socio de goberno, DO, terá que manifestar de forma contundente a súa oposición a esas prácticas, e terá que facelo, ademais, votando a favor desta moción, que non é unha máis, senón que é unha moción moi importante, que trata dun asunto que no seu momento DO cualificou como unha trama de corrupción, e nada mudou, porque nos últimos dous anos déronse máis de 160 contratos a dedo, por valor de 7 millóns de euros, a catro empresas (nin sequera ás cinco que se nomeaban na moción de DO de 2016). Polo tanto, esta non é unha cuestión menor, e por iso o PSOE, tras un exhaustivo traballo de investigación, denunciou os feitos ante o Consello de Contas, que é o órgano de control da xestión dos cartos

públicos, porque o que non se pode facer é denunciar ante a Fiscalía e se o fiscal non fai nada que o asunto quede aí, hai que seguir denunciando, e non se pode en ningún caso ser cómplices dese *modus operandi*, e aquí hai un partido político que está a ser cómplice, o que fai dobremente grave o que ocorre nesta casa. Porque, como dicía ademais o líder de DO, o que é medible non é opinable, e estes datos non son opinables, dende logo. Di que a reacción do Sr. Presidente ante a denuncia do PSOE foi a de sempre, insultar a todo aquel que lle leva a contraria, e así leva reprobados xa a tres portavoces socialistas, pero dille que non teña medo, porque vai ter sempre portavoces socialistas que lle van levar a contraria e a denunciar o que fai, porque os datos son os que son e algún día eses datos poñerán ao Sr. Baltar no seu sitio. Di que o Sr. Presidente acusounos de dicir parvadas e que a lei se estaba cumprindo, e non, a lei non se está a cumprir, e hai algo innegable neses datos, e así teñen detectado que hai 15 obras que incumpren a lei, porque a lei di claramente que para ser menores os contratos teñen que ter un importe inferior a 40.000 euros, e hai 15 obras cun importe exacto de 40.000 euros; e hai 10 contratos de servizos que son de 15.000 euros, cando a lei di que teñen que ser inferiores a 15.000 euros. Polo tanto, si hai un incumprimento da lei, por moito que o Sr. Presidente insulte aos portavoces, porque iso é un dato real. E non serve agora botarlle a culpa a alguén que pasaba por alí, porque sabemos que isto pode ser un erro humano, pode ser, porque os cambios legislativos implicaron moitas cousas, pero se non existisen estas malas prácticas como *modus operandi*, seguramente este tipo de erros non se cometerían, porque é moi difícil para os funcionarios desta casa, que son bos funcionarios, controlar centos de expedientes, que van sen informar, nos que se xustifica a necesidade de que as obras se dean a dedo nun momento determinado. O cerne da cuestión está en que alguén ordene que iso sexa unha práctica sistemática, cando se podía colgar un anuncio no perfil do contratante, como se fixo nalgún proceso no que se coñece que non había ordes de facelo doutro xeito. Di que pode haber casos excepcionais nos que haxa que recorrer á adxudicación directa, pero as excepcións non se poden converter en norma nunha administración, máxime cando, como dixo, o resto das administracións camiñan no sentido contrario. E isto implica que teñamos un problema moi grave enriba da mesa, porque nos últimos dous anos houbo 160 contrato, 7 millóns de euros, que se repartiron catro empresas, e iso é unha discriminación cara aos demais que abren as portas para traballar nesta provincia tódolos días, o que contrasta coa demagogia que continuamente fai o PP de suposta defensa dos empresarios, e lembra ao respecto as palabras do Sr. Fernández rexeitando as críticas lexítimas do Sr. Varela ao modo

de xestionarse a CEO cando recibe financiamento da Deputación. E neste caso non falamos xa de mala xestión, senón de sospeitas do que DO cualificaba como corrupción, e algún dos dous deputados de DO terá que explicar neste salón de sesións por que están a amparar esta situación, porque os datos son innegables, e se queren o Sr. Caride e o Sr. Ojea ao remate da sesión daralles eses datos, que seguramente se os presentan na Fiscalía o terán máis doado que da outra vez, na que o único que fixeron foi presentar un papel e algúns datos que lles deron por aí. Di que os datos que ten obtido o Grupo Socialista son contundentes, e os deputados de DO non se poden agochar agora con que isto é unha cuestión política que se trae aproveitando eleccións, que seguro que o din, porque sexa cal sexa o resultado das eleccións – e agarda que a Xunta cambie de goberno – o PSOE seguirá a denunciar o que está a pasar aquí. Di que o fan aínda que resulte molesto, porque é a súa obriga, porque a algúns lles toca facer un traballo diferente ao de presentar mocións que lle parecen ben a todo o mundo, e porque teñen unha dedicación para iso, que non lla deu o Sr. Presidente, senón os cidadáns, e pregúntase que sucedería se non tivesen esa dedicación e non puidesen facer o seu labor de oposición, porque aínda facéndoa xa se ve o que pasa. Di que ten moito interese en escoita o que van dicir os deputados de DO respecto deste asunto, e que se son coherentes na súa posición será o primeiro en felicitalos, pero que agora terán que retratarse; en particular, dille ao Sr. Caride que antes comentou que a Sra. Lama Novoa formulara unha auto – emenda; pero é que o Sr. Caride se está a auto – emendar todos os días, e espera que esas auto – emendas hoxe non o sexan e que o Sr. Caride cumpra con aquilo que dixo o seu partido para chegar aquí, porque se DO chegou aquí para facer o contrario do que dicía, iso é un fraude e están a participar naquilo que eles mesmos chamaban corrupción.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, di que non desmerece o traballo de ningún compañeiro de Corporación, pero a moción máis importante das tratadas no día de hoxe cre que foi a que se debateu no punto anterior e aprobouse por unanimidade. Di que tentou estudar a fondo esta moción, e con ese fin consultou cos técnicos, que lle facilitaron toda a información, en concreto verbo de 45 expedientes de contrato de obra menor. Con respecto ás sete obras nas que se excede o límite de 39.999 euros (ao ser de 40.000 euros) pregúntase se o Grupo Socialista parouse a preguntarlle o porqué destes pequenos erros nestas sete obras. Di que ela si preguntou por esta cuestión, e da lectura a un informe escrito no que se lle respondeu que ese erro deuse por un erro de interpretación do artigo 118 da Lei de Contratos do Sector Públicos, esencialmente en

expedientes tramitados no exercicio 2018, e que dende que se detectou polos servizos xurídicos da Deputación non volveu a cometerse; e deuse exclusivamente en obras dun importe exacto de 40.000 euros, e todas as obras de importe superior foron contratadas por procedemento aberto; no informe, ademais, sinalase que, sen deixar de recoñecer ese erro, o certo é que é debido á confusión creada por moitos preceptos da Lei de Contratos, poñendo como exemplo que o mesmo erro foi cometido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado no ditame 111/2018 de 6 de xuño de 2019. Neste senso, pregúntase por que o Grupo Socialista non consultou previamente esta cuestión, antes de vir a facer sangue con este asunto a este pleno. Di tamén que lle sorprende que na moción se fale de que as obras se adxudican a determinadas empresas, cando unha destas empresas tamén é adxudicataria de contratos menores de obra en concellos gobernados polo PSOE. Por tanto, cre que o discurso do Grupo Socialista nesta moción non ten ningún sentido. Di que entende que se poida discutir a moralidade de que se adxudiquen moitas obras a poucas empresas, pero non sobre a súa legalidade, e se pensan que hai un delito, o que teñen que facer é ir ao xulgado, ou á Fiscalía, como fixo DO no seu día, pero hai que interpretar os datos como son, e ilegalidade non hai. Di que o Grupo Socialista falou tamén de fraccionamentos de contratos en 45 obras específicas, pero logo de estudar eses 45 expedientes non advertiu ese fraccionamento, e ademais en tódolos expedientes hai un informe técnico que xustifica a inexistencia de fraccionamento. Por tanto, cre que si cabería debater a posibilidade de que se ampliase o número de empresas adxudicatarias de contratos menores de obra nesta Deputación, pero non se pode afirmar como se fai na moción que haxa ilegalidades, e cre que se trata dunha moción electoralistas, anunciando o seu voto en contra.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG di que o 23 de xaneiro de 2020 solicitou un informe da Secretaría Xeral e da Intervención ao respecto da nota de prensa que saía en *El Confidencial* o 22 de xaneiro de 2020, na que se expuña un informe da Fundación CIVIO ao respecto do fraccionamento de contratos por parte de esta deputación provincial, na que se nos cualificaba de campións do fraccionamento no conxunto do Estado. Di que esta mañá, ás 9:30 horas, recibiu ese informe, e nese informe, a Secretaría e a Intervención contestan que non se observa ningunha irregularidade na adxudicación destes contratos. Cre que antes esta situación o que hai que abrir é un debate de ética e estética, porque pode que as cousas sexan legais, el non é un técnico para dicilo e o Grupo Socialista neste senso fixo o seu traballo ao pedir un informe ao respecto do Consello de Contas; pero

todos estamos en concellos, e cando tres obras de asfaltado se adxudican nas mesmas datas á mesma empresa, pode non ser estritamente a mesma obra, pero semella lóxico, por aforro de procedemento e non só orzamentario, que se sacaran a licitación as tres obras xuntas, porque isto faría que entrasen en concorrència as empresas, e hoxe as empresas van á baixa, cun 20 – 30 % de aforro para a administración licitadora, e dende logo, no Concello de Allariz, as obras de camiños rurais se licitan en procedemento aberto, o que xera un aforro importante ou un aumento da obra executada. Cre que sería bo que a Deputación acordase que este tipo de obras – que sempre andan, casualmente, nos 39.999 euros de orzamento – deberían licitarse conxuntamente, por comarcas, de xeito que as empresas puidesen presentarse, incluídas as empresas das que se está a falar, o que sería unha práctica máis libre e transparente e ademais xeraría un aforro que permitiría executar unha maior cantidade de obra, e sen prexuízo de casos excepcionais en que pola urxencia dunha obra houbera que adxudicar directamente; e isto sería importante, porque o de crear unha comisión de investigación – que non haberá lugar, porque o PP e DO votarán en contra – non serviría de nada, porque as conclusións serían as dos grupos maioritarios, e por outra banda o Consello de Contas xa emitirá o seu informe, pero o importante é o fondo da cuestión, dende un punto de vista máis aló da legalidade, que permitise resolver este problema, que mesmo DO ten feito referencia a el en distintos plenos, e que sen dúbida constitúe unha grave eiva, cando menos, dende o punto de vista ético e estético.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, dille ao Sr. Gómez Pérez que o 23 de xullo de 2016, DO presentou unha denuncia na Fiscalía co mesmo relato dos feitos que se recolle nesta moción, e pregúntase onde estaba o PSOE entón, na retagarda, non na Fiscalía nin nos xulgados. E esa cobardía que tiveron no 2016 volven a manifestala agora, dicíndolle a DO que volva denunciar agora, que volva a ir ao xulgado, e pregúntase por que non van eles. Di que o Sr. Gómez Pérez dixo que nada mudo dende entón, pero si mudou: mudou porque houbo unha resolución da Fiscalía, mudou porque o actual Goberno acaba de modificar a normativa dos contratos menores e mudou porque agora no escano de DO séntase un xurista que analiza as cousas doutra maneira. Di que hai unha resolución da Fiscalía na que se di que non se aprecia desviación algunha que puidera agochar un pacto ilícito entre a Deputación e as empresas adxudicatarias das obras, dado que estas se concederon a través dun procedemento formalmente correcto por ser máis eficientes ou ofertar mellores prezos. Dille que teñen que ter coidado coa linguaxe que empregan na moción, na que falan dun

fraccionamento fraudulento de 160 obras, vulnerando o espírito da lei e adxudicándose esas obras en fraude de lei, o que implica unha acusación de delitos contra a administración pública do Título XIX do Código Penal, e isto implica, conforme ao artigo 262 da Lei de Axuizamento Criminal, a obriga de denunciar estes feitos ante os tribunais ou a fiscalía, e iso é o que teñen que facer se iso é así, pero se redundan en denunciar uns feitos que xa foi declarado que non son delito pola Fiscalía poderían estar incorrendo nun delito de calumnia do artigo 205 do Código Penal. E resulta que o Grupo Socialista pretende que sexa DO o que volva ao xulgado, porque non teñen a valentía de ir eles. O que tiñan que facer foi o que fixo o BNG, pedir un informe xurídico sobre esta cuestión, e da lectura a algúns pasaxes do informe referido na súa anterior intervención polo Sr. Varela, facendo fincapé en que tódolos expedientes dos contratos menores levan informe de Secretaría e fiscalización favorable de Intervención e en que a interpretación do artigo 118.3 da LCSP que se mantivo polos servizos xurídicos provinciais coincidía coa da Xunta Consultiva de Contratación. E ninguén lle pode pedir a DO que vaia denunciar algo que é legal. Cuestión distinta é a perspectiva introducida no debate polo Sr. Varela, dende un punto de vista ético ou estético, e dende ese punto de vista tamén habería moito que dicir, pero iso sería saír do obxecto da moción. Por outra parte, lémbrelle que recentemente o Goberno socialista aprobou o Real Decreto lei 3/2020, de 4 de febreiro, publicado no BOE de 5 de febreiro, no que precisamente se suprime a regra que prohibía acumular contratos nun mesmo contratista por valor de 40.000 euros nas obras ou de 15.000 euros en subministracións ou servizos, e xustamente nesta regra que se acaba de derrogar é no que basea o Grupo Socialista a súa moción. E a propia ministra socialista de Economía, Nadia Calviño, cualificaba esa regra de desproporcionada seguindo os criterios da Xunta Consultiva de Contratación. Di que é certo que os contratos menores teñen mala prensa, pero contrato menor non equivale a corrupción, senón que responde a necesidade de eficiencia e axilidade na contratación. Polo tanto, o mero feito de acumular contratos menores non significa que se incumpra a lei ou que se cometa un delito. En todo caso, na moción pídese a constitución dunha comisión de investigación, e as comisións de investigación están pensadas para investigar feitos que non son coñecidos, pero na propia moción relátanse eses feitos polo miúdo, e polo tanto non estamos a falar dunha comisión de investigación, senón dun debate para valorar política e xuridicamente eses feitos, e polo tanto a moción está mal formulada. Insiste en advertir que se se fala de fraccionamento de contratos, se está a imputar un delito, e iso ten consecuencias graves e en todo caso debería ser obxecto de denuncia ante

os tribunais, cousa que o Grupo Socialista non fixo. E non poden pretender que DO, que si foi no seu día á Fiscalía, e á vista da resolución do Fiscal, dos informes de Secretaría e Intervención e da modificación legislativa a que acaba de facer referencia volva agora a facer o mesmo, e como non son parvos (os que ao mellor son os parvos aquí son os do Grupo Socialista), votarán en contra da moción.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que ten a súa gracia que o Grupo Socialista fale de investigación exhaustiva e de análise de datos, datos que, por certo, fóronlles facilitados nas contestacións ás peticións de información que ao respecto o PSOE formulou os días 9 e 20 de xaneiro, na do 9 de febreiro pedírase unha relación de empresas adjudicatarias de obras e de proxectos do Plan Provincial de 2019 e na do 20 de xaneiro, unha relación dos contratos menores de obra dos últimos cinco anos, con ata oito epígrafes de información e relativa a nove empresas concretas; e o 27 de xaneiro entregóuselles a dita información, indicando que en todo caso, se precisaban de máis información sobre expedientes concretos, estaban á súa disposición na Área de Transparencia, información que ademais está tamén a información pública no perfil do contratante da Deputación, e o único que cómpre facer é dedicarlle o tempo necesario para consultar os detalles de cada obra. Pero os datos non interesan: o único que interesa é sementar sospeitas e xerar barullo mediático. Con eses datos o Grupo Socialista tentou construír unha exclusiva para dar unha rolda de prensa – a do pasado 6 de febreiro – e sementar sospeitas sobre as adjudicacións de obras deste goberno provincial. Lembra cal era a redacción do artigo 118.3 da Lei de Contratos do Sector Público, e os problemas de interpretación que esta norma produciu, xa que houbo xuntas consultivas como as de Aragón, Madrid ou País Vasco que optaron por unha interpretación estrita, é dicir, que cada administración non podía adjudicar en cada anualidade a un mesmo contratista contratos por valor superior aos límites indicados no artigo 118.1; pero outras xuntas consultivas, como a de Galicia o a de Cataluña, optaron por non poñer límites optaron por non poñer límites de contratación por contratista, sempre que se xustificase que non existía fraccionamento; e este mesmo criterio foi o que aconsellou un informe da Secretaría Xeral desta Deputación, do 26 de marzo de 2018. As distintas interpretacións continuaron ata que o multi - goberno do Sr. Sánchez deu unha nova redacción a ese artigo 118.3 a través do Real Decreto Lei 3/2020, de 4 de febreiro, que entrou en vigor xusto cando o Grupo Socialista estaba a dar a súa rolda de prensa, e na que se suprime esa regra da prohibición de acumulación de contratos e só se esixe que se xustifique a inexistencia

de fraccionamento. É máis: fálase de que o propio Goberno está a estudar unha elevación das contías do contrato menor, e fálase de subir a 60.000 euros para o contrato de obras e 20.000 para o de servizos e subministracións. Pregúntase se o PSOE ten un criterio uniforme ao respecto. Di que o Grupo Socialista formula acusacións sen o máis mínimo rubor e sen o máis mínimo rigor. Non hai fraude de lei, para nada, e con respecto ás obras nas que se produciu o erro de adxudicalas como contratos menores cando o seu valor era de 40.000 euros, di que o erro se limita a un céntimo, e remítese ao informe do Sr. Vicesecretario ao que xa deu lectura s Sra. Lama Novoa, e pregúntase se o Grupo Socialista tamén vai acusar de fraude de lei á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa cando nun informe xa citado incorreu no mesmo erro. Di que dende a entrada en vigor da Lei de Contratos de 2018 a Deputación estableceu un triple control para evitar os fraccionamentos en calquera tipo de contrato; en primeiro lugar, nas obras municipais os concellos deben remitir unha declaración indicativa de que as obras non incorren nese fraccionamento; debe terse en conta que o control inicial é esencial, dado que son os concellos os que remiten os proxectos, debidamente aprobados e co seu correspondente planeamento previo; en segundo lugar, tódolos expedientes de contratación son supervisados pola Intervención, que emite informe comprensivo, entre outros aspectos, da xustificación da ausencia de alteración ou fraccionamento fraudulento do obxecto do contrato; e terceiro, tódolos expedientes se someten a informe da Secretaría Xeral, que tamén comprende os extremos aos que se acaba de facer referencia. Ese control triple debe multiplicarse polo volume anual de contratos da Deputación, en torno a 800, para facerse unha idea do volume de traballo que todo isto implica, e que é realizado de forma excelente polos profesionais desta casa, e con este volume eses erros detectados supoñen unha porcentaxe absolutamente desprezable, e reprocha ao Grupo Socialista que na súa rolda de prensa utilizasen aos funcionarios dicindo que estaban nerviosos por esta cuestión, manifestando que non lle consta tal nerviosismo, engadindo que el ve máis aos funcionarios que o Sr. Gómez Pérez, pois convive con eles todos os días, e ao Sr. Gómez Pérez non o ve moito por aquí. Anuncia o voto en contra da moción.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que ven moito por aquí, porque ten dedicación exclusiva para controlar a labor do goberno provincial, e que lle pode criticar calquera cousa, pero non que non traballe, porque non é certo, e a súa relación cos funcionarios é boa e xa nunha ocasión o Grupo Socialista tivo que saír en defensa dalgún funcionario importante desta casa ao que se puxo na picota dicindo que cada un tiña

que asumir ás súas responsabilidades cando esas responsabilidades derivaban de ordes políticas das que son responsables os membros do goberno. Di que non botou en ningún momento a culpa aos funcionarios, e xa dixo que eses erros eran debido ás malas prácticas deste goberno provincial, engadindo que se estas obras se anunciase a través do perfil do contratante os funcionarios estarían máis tranquilos, e advertíndolle ao Sr. Álvarez Dobaño que ao mellor os funcionarios non lle din o mesmo a el, que o seu xefe, que á oposición. Di que o Sr. Álvarez Dobaño é un experto en desviar a atención dos temas que se debaten, e trala súa intervención se pregunta se este co – goberno o que defende é que as obras da Deputación se adxudiquen a cinco empresas da provincia, porque esa semella ser a conclusión. Dille ao Sr. Caride que non se poña nervioso e non insulte chamando parvos aos membros do Grupo Socialista, porque xa sabemos aquí que nesta cidade todos son parvos e o único listo é o Sr. Caride, e algún día dará datos de por que é o máis listo, pero que non insulte ás persoas, porque con ese insultos só se retrata si mesmo e a súa carencia de argumentos. Dille que está nervioso e que se notou na súa intervención, na que chegou a dicir que o Grupo Socialista lle pedira que acudiran de novo á Fiscalía, cando iso non é certo, o único que pediu foi que DO mantivera o mesmo discurso que no 2016, porque os datos son os mesmos, peores incluso, con independencia do que dixera o fiscal, que, por certo, tamén mudou. Di que o PP e DO están centrando a cuestión nos aspectos menos importantes, falando do erro dos 40.000 euros, pero ese non é o problema, iso é só unha chamada de atención sobre o que sucede, pero o problema son o resto de contratos, e pídelles ao Sr. Caride que non trate como parvos aos demais, e dille que o Sr. Caride falou no seu día de financiación ilegal do partido, de suborno, claro, iso é moi difícil de demostrar, é algo que sospeitaba DO, pero a pregunta é: ¿deixaron agora de ter esa sospeita, ou é que ao estar dentro do goberno iso xa se resolveu? O problema é o funcionamento dunha administración, non é un problema da xustiza. Di que se acudiron primeiro ao Consello de Contas non é por falla de valentía, senón simplemente porque lles pareceu máis acaído que informe o Consello de Contas sobre ese asunto. Acláralle ao Sr. Caride que non lle está pedindo a DO que diga o mesmo que di o Grupo Socialista, que o único que se lle pide a DO e que diga o mesmo que dicía DO en 2016, porque é DO a que se contradí, probablemente porque o poder mude a visión das cousas. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que no seu discurso envolveu a cuestión política con argumentos xurídico – técnicos, pero o cerne da cuestión, volve a dicir, é: ¿estamos de acordo en adxudicar a dedo tódalas obras da Deputación só a catro ou cinco

empresas? O Grupo Socialista non está de acordo, o PP e DO polo visto si. E iso á marxe de que sexa legal ou non, e o seu grupo ten as súas dúbidas ao respecto, pero dende logo, sexa legal ou non, o que non é unha boa práctica dun goberno, e iso é o que non se lle quere dicir aos cidadáns. Licitar esas obras mediante poxa no perfil do contratante implicaría un aforro dun 15 – 20 %, que para 7 millóns de euros nos da en torno a 1,5 millóns de euros que poderían servir para financiar máis obras e que se perden - ou non – polo camiño. Esa é a realidade que PP e DO non queren discutir: dar contratos a dedo non ten por que ser unha práctica habitual, e pide que lle expliquen, sexa legal ou non, cal é a razón de que tódalas obras se dean a catro ou cinco empresas cando hai unhas trescentas na provincia, e que llo explique de paso ao resto de empresas. Pide tamén que lle expliquen por que, cando o Goberno do Sr. Rajoy baixou a contía dos contratos menores, o orzamento das obras do Plan Provincial reduciuse milagrosamente na mesma contía, e se volveran a baixar, volverían a reducilas no Plan, e se volven a subir, volveranse a subir. Pero é que resulta que no Plan de mandato do Sr. Presidente figuraba que o importe das obras do Plan Provincial ía incrementarse, e logo o baixaron incumprindo ese plan cando baixou a contía dos contratos menores, e o disfrazaron co argumento de incrementar o plan de empregabilidade, cando a realidade é que se fixo para poder seguir adxudicando as obras da dedo. Pregunta tamén por que nas obras do plan non se permite aos concellos adxudicar directamente eles os contratos, e se lles esixe para facelo que poñan un importe equivalente ao da Deputación, e pregúntase se é que non cremos na autonomía local que tantas veces invoca o Sr. Álvarez Dobaño ou se é que os alcaldes son sospeitosos de non facer ben o seu traballo, e se se tarta de facer contratos menores a falla de medios técnicos dos concellos non é un argumento, e lembra que o seu grupo xa trouxo no seu día unha moción nese sentido, para que sexan os concellos os que adxudiquen as obras, e cando menos se lograría que se non se repartisen exclusivamente entre catro ou cinco empresas. Pídelles a PP e DO que deixen de insultar e rebatan os seus argumentos. Dille ao Sr. Caride que non lle está a pedir que volva á Fiscalía, que o que lle está a dicir é que está sustentando un goberno que fai algo que el denunciou en 2016 ante a Fiscalía. E lémbrolle que no seu momento foi o Grupo Socialista o que levou ante a xustiza os enchufes masivos na Deputación, e polo que non procede que os insulte acusándoos de cobardía; lémbrolle tamén que DO denunciou ante a xustiza a moitos compañeiros seus do PSOE no pasado, e que o Sr. Caride foi a cabeza pensante desas denuncias, e que esas denuncias quedaron en nada pero fixéronlle moito dano ás persoas, e que o Sr. Caride tal vez

non debería ocupar cargos en política por iso. Di tamén que DO criticaba os contratos con *El Correo Gallego*, e no 2019 se lle deron 280.000 euros a dedo, e se pregunta se iso agora xa non existe como problema para DO, e comprende a dificultade do papel do Sr. Caride, pero pídelle que, cando menos, non insulte ao Grupo Socialista por dicir o mesmo que dicía DO non hai moito tempo.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, lamenta que o voceiro socialista non contestara ás preguntas que deixou enriba da mesa. Reitera que esta é unha moción electoralista, e non vai participar nese xogo electoral. Reitera a súa pregunta sobre os alcaldes e alcaldesas do PSOE que adxudican contratos menores a algunhas desas empresas ás que se alude na moción. Reitera que tras estudar os expedientes chegou á conclusión de que estes contratos son legais, e que se pode discutir a súa moralidade, pero ao que ven o Grupo Socialista é a poñer en dúbida a legalidade destes contratos.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG rexeita que se cualifique de electoralista este debate, máis que nada porque a nova saíu cando saíu, e ninguén – agás o Sr. Núñez Feijóo – sabía que ía producir un adianto electoral. Di que probablemente non explicou ben a súa posición, posto que ninguén lle contestou. Lembra que dixo que a comisión proposta na moción seguramente sería inútil, porque o seu resultado sería o predeterminado polos grupos maioritarios, pero, indo ao fondo da cuestión, e máis aló da cuestión de se son ou non legais os contratos (cuestión que ditaminará o Consello de Contas, e que os servizos técnicos provinciais consideran legal) está a cuestión de ética e estética deste xeito de adxudicar contratos a cinco empresas, contratos que ademais, moitas veces, son para actuacións nas mesmas estradas que en anos anteriores. Reitera a súa proposta de que, agás nos casos en que haxa razóns que xustifiquen a adxudicación directa, se liciten estas obras, porque iso ademais permitiría obter aforros importantes, e cre que é unha proposta construtiva que debería tratarse porque sería beneficiosa cara aos concellos e veciños da provincia.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, convida ao Sr. Gómez Pérez a que recompila a información de en cantos procedementos xudiciais promovidos por DO participou e cantos escritos de acusación fixo, porque o Sr. Gómez Pérez ven de dicir algo falso, que el acusou ou denunciou a moitos compañeiros do Sr. Gómez Pérez, e chegou a dicirlle que no debía estar en política por iso. Dille que só participou nun procedemento como letrado e que non fixo ningún escrito de acusación, e se comproba ese

dato e o recoñece publicamente evitará que lle poña unha querela. Di que hai moitas formas de insultar, e que se poden abordar un debate de moitos xeitos, como por exemplo ten feito o voceiro do BNG, e non vir aquí a atacar a DO e forzar que asuma unha posición cos argumentos de tempo atrás. Insiste en que DO non ten por que manter a posición que mantivo, porque houbo una resolución xudicial, e aínda que teña habido máis contratos dende entón, é o mesmo procedemento, a mesma forma de actuar, e xa foi cualificada xuridicamente e xa se determinou que iso non era delito, e polo tanto DO xa non pode dicir que iso é un delito, porque se o di estaría a cometer un delito, e por tanto iso cambia as cousas por completo. Dille que o seu discurso baséase en agredir a DO, e que ao mellor o que pasa é que bota de menos a DO como ferramenta executiva na oposición, porque din que o PSOE denunciou este asunto no Consello de Contas, pero a realidade é que o denunciaron hai catro día, e en 2016, cando o denunciou DO, nin Consello de Contas, nin xulgado nin farrapo de gaitas, o PSOE quedo na retagarda esperando a ver como resolvía outros o problema. Di que por outra banda non todo é tan sinxelo, e iso de que a licitacións produce maiores aforros tamén daría para discutir longamente, por aí entramos nas baixas temerarios, nos atrasos na execución dos contratos e noutro tipo de problemas, é dicir, non todo é tan sinxelo e directo, do mesmo xeito que non se pode asociar sen máis contratación menor e corrupción. E se falamos de ética, o único partido aquí que non ten mácula ao respecto é DO, porque non tivo responsabilidades de goberno ata fai pouco, porque en tódolos demais concellos, administracións autonómica e estatal onde gobernaron PP, PSOE e BNG, acudíuse á contratación menor, e co criterio do Sr. Gómez Pérez habería que desconfiar en todos eses caso. Engade tamén que o tema do fraccionamento hai que demostralo de forma concreta, caso por caso. Di que está aberto a un debate razoable, pero non a soportar unha treboada de insultos e a que se lle esixa manter as mesmas posicións que os portavoces de DO que o precederon, porque xa ten dito que el non estaba de acordo con algunhas desas posicións. Di que o debate debe estar determinado pola parte dispositiva das mocións, e aquí o que se propón é unha comisión de investigación que non ten sentido porque non hai nada que investigar, dado que a propia moción xa contén unha relación detallada dos feitos. Por último, refírese ao odio que parece sentir o PSOE por DO, un grupo minoritario que se está neste lado da bancada hoxe é porque o PSOE non quixo que estivera do outro lado, e semella que ese odio ven dese noviazgo político fracasado, no que catro días antes da investidura había moi boa relación e agora, polo visto, hai odio.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular di que quere concretar a posición do seu grupo, por se non quedou clara. Primeiro, non ha lugar á comisión que solicitan porque non ten sentido ningún, como acaba de expresar o Sr. Caride. En segundo lugar, a Deputación de Ourense comparte e facilita toda a información dispoñible neste asunto baixo un criterio de máxima transparencia, e a información está sempre dispoñible, tal e como manifestou a Sra. Lama, por escrito ou a través da web, e somos a deputación máis transparente de España, ao igual que somos líderes en contratación administrativa, e non se pode dicir o mesmo doutros gobernos provinciais onde goberna ou co – goberna o PSOE. Fai un relatorio do ranking de transparencia de diversas institucións, indicando que a Deputación de Ourense ocupa o posto número un, liderando 163 de 178 indicadores, mentres que a Deputación de Lugo está no posto vinte e catro, con 126 indicadores de 184, e a Deputación de Pontevedra está no posto vinte e nove, con 96 indicadores de 189, e a Deputación da Coruña está no posto cincuenta e nove, con 54 indicadores de 189. Di que tódolos contratos que se fan nesta casa están visados polos servizos técnicos e legais competentes coas máximas garantías. Está claro que esta moción só ten o sentido de buscar notoriedade, non ten outro, porque non ten ningún percorrido, máis que un intento de desprestixiar ao goberno provincial e ao seu presidente a partir dunha nova en prensa, máis ou menos rigorosa, pedindo unha información que xa deberían ter, dando unha rolda de prensa e indo a dicirlle ao Consello de Contas que investigue a ver se hai algo. Recomendalle ao Grupo Socialista que se esforcen máis ao estudar a documentación e que deixen de insinuar posibles irregularidades e, se cren que hai algo ilegal, vaian a denuncialo. Di que as empresas ás que se contratan acreditan a boa calidade dos seus traballos e a satisfacción dos alcaldes ao respecto, e debe quedar claro que non consta ningunha reclamación. Di que en 2019 adxudicáronse 122 contratos a 32 empresas, catro delas con dez ou máis obras. E no que vai de 2020, lévanse adxudicados 29 contratos e, curiosamente, a cuarta empresa no ranking de adxudicación de 2019 aínda non levou ningunha obra. Di tamén que a relación da Deputación coa Asociación de Construtores de Ourense é excelente, e non consta queixa algunha por este tema, e ao contrario, desenvólvense proxectos conxuntos e integradores como o Xeovivenda ou o Xeoestradas. Cualifica de irresponsabilidade que se mencione a determinadas empresas, afectando á súa credibilidade e á súa acción de creación de emprego e riqueza no territorio. Da lectura a algúns pasaxes do informe conxunto de Secretaría e Intervención que pediu o Sr. Varela (e que se emitiu a pesar de que non era obrigatorio, porque o Sr. Varela non reúne un terzo dos

membros da Corporación, nunha mostra máis de transparencia), no que, con respecto á noticia publicada no *Confidencial* e no informe da Fundación CIVIO, se di o seguinte: *“de feito, na propia información publicada chega a afirmarse que os contratos aludidos “incumplen a priori” a normativa, expresión que denuncia, en efecto, un razoamento puramente apriorístico dos seus autores, carente, como tal, de fundamento empírico”*. E logo o informe fala doutros casos que se denuncian na noticia, por exemplo de contratos do Ministerio de Defensa, e recomenda ao Sr. Gómez Pérez que indague ao respecto, e que lembre que moitas veces o recurso ao contrato menor non obedece á picaresca, senón á pura necesidade. Pregúntalle tamén ao Sr. Gómez Pérez por que se ampara sempre nos informes dos técnicos desta casa cando lle vai ben, e cando non os pon en dúbida, e cal é a razón deste modo de proceder. Dille tamén que os funcionarios emiten os seus informes en liberdade e non obedecen ordes políticas nese aspecto, e lémbrollle que non hai moito tempo o PSOE non defendeu moito ao director da área de Medio Ambiente, don Javier Bobe, no asunto das depuradoras, e pídelles que faga memoria ao respecto. Con respecto á contratación das obras municipais, dille que os fondos do plan provincial son da Deputación, e por tanto é lóxico que gobernemos e adxudiquemos as obras, aínda que se delegan nos concellos se achegan unha cantidade igual para o financiamento das obras. Remata dicindo que o goberno provincial seguirá a facer provincia, contratando obras de calidade con empresas de Ourense, e que o discurso do Grupo Socialista non leva a facer provincia, senón a outra cousa.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que se rebater datos é mirar 40 expedientes de 160, que cada un tire as conclusións que procedan. Catro empresa, 7 millóns de euros. 2015 – 2018: 30.812.000 euros, o que levou o Sr. Caride á Fiscalía, e isto non é unha cuestión legal, e o Sr. Caride non exerce aquí como xurista, senón como político. Di que o Sr. Caride advertiulle que lle ía poñer unha querela por ter afirmado que era o autor intelectual das denuncias que se fixeron dende DO a membros do PSOE, e se ratifica nesa afirmación, porque é evidente que o era, porque o dixo o actual alcalde de Ourense en numerosas ocasións, poñendo ao Sr. Caride como exemplo, e hai declaracións públicas nese senso. Di que terá moitos defectos, pero ten boa memoria, e lembra que o Sr. Caride, cando foi candidato ao Parlamento de Galicia por DO, unha das bazas que esgrimía o seu partido era precisamente esa, e se lle pon esa querela non tería inconveniente en explicarlle ao xuíz todo iso, e de paso tamén outras cousas que os membros de DO lle contaban a el daquela, así o convida a que lle poña esa querela, porque estará encantado de

que o faga. Rexeita tamén as acusacións de cobardía que o Sr. Caride formuloulle persoalmente, e lémbrale que no mandato anterior el cesou como portavoz e o mandaron a un escano da parte alta ao que lle chamaban “o templete”, e que iso lle impedía levar a cabo determinadas iniciativas, e ao mellor a algúns lles conviña o portavoz que houbo entón, que xa sabemos todos como acabou. E, ao marxe destas cuestións, o importante é que hoxe o Sr. Caride quedou retratado de novo, e por iso insulta e se pon nervioso, porque ten un problema de conciencia ao ter que defender o indefendible, pero ese é o seu problema, e pídelo que non afirme cousas que el non dixo. Di que dos tres portavoces que ten o grupo de goberno (en alusión á Sra. Lama Novoa, portavoz do grupo de C’s, ademais dos portavoces de DO e do PP) contesta aos que quere, porque ese é o seu dereito. Dirixíndose ao Sr. Varela, portavoz do grupo do BNG, que xa no mandato anterior el fixera unha proposta na liña do formulado polo Sr. Varela na súa intervención anterior – establecer un proceso selectivo sinxelo creando unha lista de empresas para a contratación de obras e tendo en conta especialmente as do concello ou comarca respectiva – pero a realidade é que o goberno provincial non vai facer iso. Reitera que isto non é unha cuestión legal, senón ética, moral e económica. Di que o Sr. Álvarez Dobaño dixo que a denuncia ante o Consello de Contas non conducía a nada ou non tiña percorrido, e pregúntase que pasará se ao final resulta que o percorrido existe, e que dirán o Sr. Álvarez Dobaño e o Sr. Caride nese caso, aínda que é obvio que dirán calquera cousa. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que no seu día, co asunto das depuradoras, cando se imputou ao Sr. Bobe el xa advertira do risco de que se lle achacase o problema a quen non tiña a responsabilidade ao respecto. Dille tamén que, dado que o acusou de irresponsabilidade por facer alusión a catro empresas, que a verdadeira irresponsabilidade e deixar sen adxudicacións á outras 296 que cando menos hai na provincia, e di que queixas hai moitas ao respecto, con independencia de que os empresarios non se vaian a poñer a facer o traballo da oposición. Dille que segundo o informe da Fundación CIVIO a Deputación non está á cabeza no ranking de transparencia, senón no de adxudicacións directas de obras; engade que se os técnicos se poñen nerviosos é por este tipo de cousas, e di que vai dar datos de ata que punto houbo xa un parón nestes contratos nestes dous primeiros meses do ano, porque el fai ou seu traballo, non como outros que presumen diso por mirar só 40 expedientes de 160

Dona Montserrat Lama Nóvoa protesta dende o seu escano polo que considera unha falla de respecto do **Sr. Gómez Pérez**, que pide ao **Sr. Presidente** que a chame á orde por interromper a súa intervención.

O Sr. **Presidente** dille que está no uso da palabra e que remate a súa intervención, que é unha breve quenda de peche, e non unha conferencia

O Sr. **Gómez Pérez** quéixase da falla de obxectividade do Sr. Presidente ao dirixir o debate, porque a el o ten chamado á orde se interrompe aos demais.

O Sr. **Presidente** dille que está no uso da palabra, que non lla retirou e que pode dicir o que queira, e que se interveu foi porque o pediu o Sr. Gómez Pérez, e reitéralle que remate, porque levamos dúas horas con esta moción e o Sr. Gómez Pérez foi o que máis falou.

O Sr. **Gómez Pérez** dille que regule os tempos de intervención

O Sr. **Presidente** dille que xa se anunciou na Xunta de Portavoces que no vindeiro pleno se implantará o control dos tempos.

O Sr. **Gómez Pérez** continúa a súa intervención dicindo que nos dous primeiros meses de 2020 se teñen adxudicado 157.00 euros en obras menores, cando en 2019 no mesmo período foron 392.000 euros, e iso reflicte que algo de nerviosismo existe, porque en época electoralista isto non soe suceder nesta casa. Remata agradecéndolle ao Sr. Álvarez Dobaño o ton respectuoso das súas intervencións no debate, que entende que é recíproco, aínda que parece que outros non entenden o que é a política.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que non é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

12º.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DAS EIVAS DO PLAN DE TRANSPORTE DA XUNTA DE GALICIA.-

O Sr. presidente di que hai unha emenda de modificación a esta moción da portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que esta moción ven a consecuencia da implantación do Plan de transporte terrestre da Xunta de Galicia, que se produciu o 1 de xaneiro deste ano 2020. Lembra que en 2018 a Xunta de Galicia fixera unha

muda no sistema das liñas de transporte, impulsada pola Unión Europea, e daquela o BNG xa manifestara que existían múltiples deficiencias na implantación do plan, incluso con modelos totalmente alleos á realidade galega, como o tema do preaviso con vinte e catro horas que logo se demostrou que non tiña un funcionamento no noso territorio. Daquelas a Xunta alegara que o modelo se implantara de xeito precipitado e sen tempo de facer un estudo real do sistema de transporte interurbano, pero atopámonos que en xaneiro de 2020, cando houbo tempo de facer unha muda en positivo do plan, volven a darse as mesmas eivas, incluso incrementadas nalgún caso. Todo iso, nunha provincia como Ourense, ten especial importancia polas nosas necesidades pola vertebración do rural, máis aínda cando non hai unha alternativa ferroviaria digna ao transporte por estrada, o que leva a moitas persoas a ter que usar o transporte privado, o que implica problemas económicos, ambientais e sociais. Unha das eivas máis importantes do novo plan é a falla de coordinación, entre a propia consellería de transportes e mobilidade e a de educación, con exemplos como a demora de ata tres días na confirmación de horarios e rutas en centros escolares, ou entre os servizos centrais da Xunta e os periféricos de Ourense, segundo manifestan empresas do sector, o que levou a demoras por desaxustes, consultas, etc... e déronse casos no transporte escolar en Maceda, Barbadás ou Seixalvo, de autobuses que non apareceron ou que non tiñan o servizo de acompañante, e mesmo en Barbadás deuse un caos no que tódolos nenos tiveron que ir amoreados nun só autobús cando o previsto eran dous, incumprindo todas as normativas, e cando saíu o BNG a denunciar esta situación chamáronlles mentireiros dende a Xunta, ata que chegou a Garda Civil e informou – o se reflectiu nos medios de comunicación – que se tiñan detectados autobuses con máis persoas que prazas autorizadas, sen autorización para o transporte, etc... e todo isto cun plan acabado de estrear e que debería garantir o bo funcionamento do sistema. Ademais, en moitas liñas produciuse un incremento substancial do custe, chegando a triplicarse en casos como o de Viana a Verín, que pasou de 1,40 euros a 4 euros, ou na liña Verín – Ourense, de 4,55 euros a 6, ou na liña Xinzo – Ourense de 2,35 a 3,50 ou de Allariz a Ourense, de 1,55 a 2 euros, todo isto sen unha xustificación por parte da Xunta e sen ningún aviso previo aos usuarios. Di que noutras provincias galegas se está a levar a cabo unha redución substancial do prezo e mesmo nalgúns casos a gratuidade do transporte ás capitais, e se dixo que en provincias como Ourense se agarda que se implante tamén cara á primavera, e non é de recibo que isto estivese implantado noutras provincias xa en xaneiro e que aquí non o estea e se dea ademais unha referencia temporal imprecisa.

Houbo tamén problemas na xestión da información, e pon como exemplo que ao Concello de Allariz se lle comunicaron o 2 ou 3 de xaneiro os novos horarios da concesionaria do servizo e a semana pasada souberon que estaban mal, e esta mesma semana houbo veciños que estiveron agardando o autobús e quedaron en terra, e nin se informou ao concello nin dende o concello foron quen de poñerse en contacto coa nova concesionaria, porque tampouco se les informou de cal era o teléfono de contacto. Cita tamén o caso do hospital de Piñor, onde se puxeron uns horarios que non están axustados aos dos traballadores do hospital. Polo exposto, cre que procede que dende a Deputación se demande a Xunta a adopción dunha serie de medidas, que é o que se propón na moción, a cuxa parte dispositiva da lectura, co seguinte texto:

1º Instar á Xunta de Galicia a que abandone a súa actitude de autocomplacencia que trata de ocultar os moitos e graves problemas do transporte interurbano e que dialogue tanto coas empresas como cos concellos, para así corraxir as eivas de frecuencias, horarios e prazas, así como o resto de disfuncións detectadas.

2º Instar á Xunta de Galicia a habilitar unha mesa de diálogo entre Xunta, Deputación de Ourense e concellos para posibilitar a existencia de microbuses que vertebran os concellos.

3º Instar á Xunta de Galicia a que os problemas tarifarios xerados pola Xunta de Galicia sexan pagados pola propia Xunta e non pola veciñanza da provincia de Ourense, e por tanto que a Xunta compense dos seus propios orzamentos os incrementos dos billetes nas liñas da provincia de Ourense.

4º Instar á Xunta de Galicia a ampliar de xeito inmediato a gratuidade do transporte aos menores de 21 anos da provincia de Ourense.

5º Instar á Xunta de Galicia a habilitar información nas paradas e estacións de buses, e introducir no novo portal web información a respecto dos descontos.

Con respecto ao punto 5º, di que esa información non se deu, e que os concellos tentaron dala, ás veces con erros porque tampouco tiñan a información axeitada, e di tamén que nalgúns casos habilitáronse paradas de autobús onde non hai ninguén e en cambio suprimíronse ou non se puxeron noutros puntos onde si hai demanda. Di tamén que se para aprobar a moción é preciso retirar algúns reproches á Xunta dos que aparecen no primeiro punto, non hai problema – aínda que é verdade que houbo autocomplacencia pola parte da Xunta.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, di que hai pouco que engadir ao dito na moción, que traslada unha realidade que se está a vivir na nosa provincia, pero si cre que hai aspectos cuxa redacción non é a axeitada, e por iso formulou unha emenda de modificación, na que se suprime o punto 1º, o punto 2º pasa a ser o 1º, o punto 3º pasa a ser o punto 2º no que se propón estudar a posibilidade de facerse cargo a Xunta dos incrementos tarifarios, e os puntos 4º e 5º pasan a ser 3º e 4º coa mesma redacción. Pide que o resto de grupos, en especial o proponente da moción, manifesten se aceptan esta emenda.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, dille ao Sr. Gómez Pérez que el non ten ningún problema de conciencia, e que se o tivese formularía unha obxección de conciencia para non participar en certos debates. Entrando na moción, di que como responsable de transporte e mobilidade do Concello de Ourense ten coñecemento dos problemas do plan de transporte, e mesmo lle teñen chegado queixas ao respecto; e tamén é certo que a propia novidade da calquera plan pode dar lugar a dificultades que é preciso abordar. Proponlle ao voceiro do BNG que a moción se vote por puntos, e respecto do punto 1º di que se se retiran as expresións relativas á “actitude de autocomplacencia” da Xunta, o seu grupo votará a favor, e en caso contrario votarán a emenda de C’s. Avisa tamén o seu acordo cos puntos 2º, 4º e 5º da moción. Manifesta as súas dúbidas respecto do punto 3º, non tanto no fondo como na forma, porque este é un asunto que hai que levar a Santiago, e ten dúbidas de que se poida reclamar algo que implica modificar a ordenación de tarifas e os propios orzamentos da Xunta.

Don Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista anuncia o voto a favor do seu grupo, e di que esta moción ten moito que ver coa moción anteriormente presentada por C’s sobre o plan de natalidade, porque un bo sistema de transporte tamén é esencial para que a Galicia rural non siga a baleirarse. Di que a finais de 2009 a Xunta decidiu prorrogar por dez anos máis as concesións de transporte por estrada, sen sacalas a concurso, e a prórroga tiña un truco, que as empresa rebaxaran un 7 % o custe do transporte escolar e incorporarían melloras de accesibilidade e equipamento nos vehículos; pero no ano 2016 o Tribunal Supremo anulou a prórroga en base a unha normativa europea, co que houbo unha renuncia masiva de concesionarias de 578 rutas, a maior parte delas nas provincias de Lugo e Ourense, e a Xunta para saír do paso tivo que aprobar un plan provisional cunha vixencia de dous anos ata que se aprobase definitivamente un novo plan, contratando os estudos por zonas

a diferentes consultoras cun custe de 850.000 euros. Na segunda fase tamén se contratou con consultoras a redacción do plan definitivo, con 2,5 millóns de euros, con seis lotes máis un de coordinación, e a partir do documento elaborado se formularon as bases para a contratación dunhas 1500 liñas en toda Galicia, sacándose a concurso os lotes por zonas ao longo de 2019 e principios de 2020, e todo o proceso fíxose ás presas, de costas aos concellos e con empresas consultoras que descoñecían a realidade do rural galego, facendo traballos de corte e pega nun gabinete con erros de vulto como percorridos por dirección prohibida ou por vías peonís. Ademais, o transporte escolar pasou a xestionarse pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e onde antes había liñas duplicadas de transporte regular e transporte escolar, agora só hai liñas de transporte escolar nas que se integran as liñas regulares, compartindo o bus os escolares e o público en xeral. Non hai nada novo baixo o sol nisto, porque xa en 2007 se puxera en marcha o programa “Tes + bus”, promovido polas Consellería de Política Territorial e Educación, no que se compartía o bus entre escolares e usuarios en xeral. Como novidade, o novo plan incorpora o transporte a demanda, virtual, do que pouco se sabe xa que na páxina institucional, Bus.gal só se informa do xeito de reservar as prazas ata as 19 horas do día laborable anterior, e tamén hai unha aplicación para o móbil, pero se entramos en Bus.gal no apartado específico só hai a posibilidade de reservar unha praza nas liñas escolares e regulares, é dicir, o bus a demanda non existe, simplemente é unha reserva on line nos buses que hai funcionando de liña regular ou escolar. En suma, a Xunta gastou 3,3 millóns de euros en pagarlle a consultoras que propuxeron liñas que xa existían ou medidas como o aproveitamento conxunto de liñas regulares e escolares, medida que xa fora posta en marcha polo Goberno bipartito en 2007, e propondo un transporte a demanda que non é tal. E nada se explica na web institucional sobre os bonos desconto e o xeito de acceder a eles, cunha discriminación patente entre os cidadáns das áreas metropolitanas e os do resto do territorio, incluída a provincia de Ourense, polo que a reordenación do transporte feita pola conselleira Ethel Vázquez é moi deficiente, non vertebra o territorio e sobre todo é demoledora para o rural.

Dona Ana María Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular, pide tamén ao Sr. Varela que permita o voto por separado dos puntos da moción, porque o sentido do voto do Grupo Popular non é homoxéneo para todos eles. Di que o plan de transporte de Galicia é un documento aberto e dinámico, suxeito a todo tipo de melloras, tanto en horarios como en itinerarios. Agora ben, sempre que se modifica algo é posible que ao principio non funcione

ben e se presenten deficiencias ou problemas puntuais, e o que ten que haber é vontade de emendar esas deficiencia, e neste caso hai esa vontade, porque dende a xefatura territorial da consellería convidouse, xa no verán de 2018, a tódolos concellos da provincia a manter reunións individuais para poder tratar posibles eivas ou problemas, e cónstalle que se atendeu o 99 % das demandas formuladas polos concellos. De tódolos xeitos, o plan de transporte seguirá avanzando e a consellería segue aberta a suxestións. Di que non vai entrar na exposición de motivos da moción, porque o Sr. Varela traslada nesa exposición unha visión catastrofista a partir de incidencias puntuais, e certamente houbo deficiencias, e os problemas aludidos resolvéronse ou ben a mesma tarde na que se produciron ou nun prazo máximo de tres días, e a consellería pediu disculpas ás familias afectadas. Cre que non se debe facer alarmismo con este tema, senón procurar a mellora continua do sistema. Con respecto aos problemas que di que houbo en Allariz di que ao mellor se terían resolto se dende o concello se tivese estudado a proposta inicial, porque ela como alcaldesa de Oímbra estudou a proposta, fixo as alegacións oportunas e o problema resolveuse. Nega a falla de coordinación entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a de Educación, e di que a coordinación entre as consellerías, as dirección dos centros educativos e as AMPA's correspondentes fixo posible que neste curso escolar cinco colexios da provincia teñan xornada continua. Nega tamén que houbera subidas abusivas de tarifas, porque os prezos na maioría dos casos se teñen reducido sensiblemente se se compara cos prezos de 2017. Así, a liña Verín - Ourense costa hoxe 6 euros, e en xullo do 17 costaba 7,45, e a liña Allariz – Ourense hoxe costa 2 euros e en xullo de 2017 costaba 2,30 euros, ou a liña Ourense – Vigo costa hoxe 8,50 euros, e en xullo de 2017 costaba 10,35 euros. Di que o seu grupo votará a favor do punto 1º da moción se se retira a expresión “actitude de autocomplacencia” referida á Xunta, e que están de acordo co punto 2º. No punto 3º non están de acordo, polo xa exposto respecto ás tarifas, e engade un exemplo máis, o da liña Vidaferre – Verín, que costa 1,35 euros cando no verán de 2017 costaba 3,15. Están de acordo no punto 4º, no que xa se está a traballar, e en efecto a Xunta prevé implantalo en primavera, que empeza o 21 de marzo, e polo tanto xa non falta moito, e se agarda que preto de 20.000 mozos da provincia se beneficien da tarxeta “Xente nova”. Están de acordo tamén no punto 5º, porque aínda que a información xa existe nas estacións e na plataforma Bus.gal, sempre é susceptible de mellorarse. Remata reafirmando a vontade do Grupo Popular e da Xunta de continuar coa mellora continua do plan para acadar un transporte por estrada eficiente e sostible.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que agradece o espírito construtivo desta parte do debate, e en resposta á Sra. Villarino Pardo di que tentou facer os deberes, e baixou a Ourense en dúas ocasións para reunirse coa xefa territorial e cos técnicos, e algunhas das súas demandas se atenderon e outras non, pero o problema é que este luns non apareceu o autobús, cando o xoves da semana pasada os propios condutores manifestaran que si ían a pasar, o que pasa é que como esta semana non había transporte escolar o luns pois, por una disfunción, o feito é que non viñeron, e o problema foi que ao tratar de contactar por teléfono non había ninguén ao outro lado da liña, á marxe de que a día de hoxe aínda non se lle comunicase ao concello que empresa é a que leva o transporte interno en Allariz, e isto con independencia de que sexa unha empresa pantalla, porque no fondo segue a ser a mesma empresa de antes. Con respecto ao tema das tarifas di que depende de como se mire, porque de agosto de 2018 a decembro do 2019 os prezos da liña Verín – Ourense reducíranse a 4,45, e agora subiron a 6, e iso é irrefutable, á marxe de que en 2017 fosen aínda maiores, engadindo que non se entende por que non se poden manter en 2020 os prezos de 2019. Reitera os dito polo portavoz socialista respecto dos problemas de falla de información e no relativo ao transporte a demanda. Con respecto ao punto 1º da moción, acepta retirar a parte da “actitude de autocomplacencia da Xunta que trata de ocultar os problemas”, tal como lle propuxeron C’s, PP e DO. Di que mantén o punto 3º, porque cre que a subida de tarifas debe asumila á Xunta, e con respecto aos bonos que se iniciarán en primavera, comenta que o que non entende é que noutras provincias isto empezara a operar xa e na nosa non, e se iso non é unha falla de previsión por parte da Xunta de Galicia, que alguén llo explique, porque por desgraza hai bastante menos rapaces na nosa provincia que nas de Coruña e Pontevedra polo que o lóxico sería que fósemos ao tempo cando menos, se non antes, e espera que en todo caso estea para a primavera, porque hai elección e iso sempre axuda a que saian adiante as cousas. Remata manifestando a súa conformidade con que a moción se vote punto por punto.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, di que no punto 3º cre que por prudencia é preferible o texto que propón na súa emenda, no que pide que se estude a problemática das tarifas, xa que descoñecemos os problemas burocráticos ou orzamentarios que a redución das tarifas podería implicar, e pide que o Sr. Varela se pronuncia ao respecto de se acepta esa emenda ou non. Anuncia a retirada da súa emenda de modificación, dada a decisión do Sr. Varela de modificar o punto 1º, e queda á espera da súa decisión sobre o punto 3º.

Don Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista di que, volvendo o tema das consultoras, que lle preocupou moito polo que atopou na páxina web, porque ante un gasto de máis de 3 millóns de euros en consultoría agardaba atopar unha serie de complexos algoritmos que relacionaban as distintas rutas, e o que atopou sorpresas tremendas ao respecto, e así por exemplo buscou na web as conexións entre Viana do Bolo e O Barco e non atopou ningunha, e en cambio hai seis conexións entre Viana e A Rúa, cando o lóxico é que haxa algunha co Barco, esencialmente porque é no Barco onde está o hospital comarcal; curiosamente, no Barco só aparece a parada do hospital, pero non aparece a da estación de autobuses; tampouco se atopa unha conexión entre A Veiga e o hospital do Barco; tampouco aparece información da concesionaria de Valdeorras, unha empresa que ao parecer é XG612; buscando a conexión dende Outomuro (Cartelle) a Ourense, que son 25 quilómetros indo pola Manchica (A Merca) atopou que a ruta vai por Ramirás e Cabeza de Vaca ata Ourense, cun total de 26 paradas nun traxecto de dúas horas e media; e dende Quintela de Leirado a Ourense, con 45 quilómetros, hai 27 paradas e tres horas de viaxe; e mirou tamén Muíños, que está a 55 quilómetros de Ourense indo por Celanova, pero Bus.gal decidiu que hai que ir por Xinzo, cun traxecto de dúas horas e corenta minutos e unha parada técnica en Xinzo de cincuenta e seis minutos, e cun total de 28 paradas; e se mira dende o seu pobo, O Bagullo, en Cartelle, a 23 quilómetros de Ourense, o traxecto é de dúas horas e trinta minutos, pero o máis rechamante é a ruta seguida, na que se vai primeira á Manchica e dende hai xira cara ao sudeste ata Celanova para logo voltar a Ourense ao noroeste (exhibe un mapa coa ruta seguida), e hai outros exemplo, como que un veciño de Carballiño para vir a Ourense teña que ir primeiro a Ribadavia, de aí a Barbantes e de Barbantes a Ourense. Isto é un despropósito total, e algunha deas rutas – como a que vai de Cartelle a Ourense por Ramirás e Toén – datan en realidade dos anos cincuenta do pasado século, de cando ía o bus mixto con persoas e gando no mesmo vehículo, son rutas que teñen xa setenta anos de antigüidade. En suma, pagáronse máis de 3 millóns de euros ás consultoras para que propuxesen unhas rutas que están totalmente fóra de orde, que ao mellor no seu día tiñan utilidade, pero non hoxe, e as consultoras o que fixeron foi un copia e pega que ninguén revisou, e cre que hai que revisar isto entre concellos e Xunta, porque esta planificación non é útil nin eficiente. Cre que non este plan dáselle unha estocada ao rural, porque ninguén vai coller un bus para percorrer 25 quilómetros en 3 horas, collerán un taxi ou irán a vivir á cidade cos seus fillos se é que os teñen alí.

Dona Ana María Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular, reitera o sentido do voto do seu grupo, unha vez que o Sr. Varela modificou o punto 1º, e por tanto votarán a favor dos puntos 1º, 2º, 4º e 5º e en contra do punto nº 3. Dille ao Sr. Varela que o transporte terrestre tamén abrangue o ferroviario, e dende que o BNG é decisivo e sostén o Goberno de Madrid semella que xa non hai problemas na provincia, por exemplo, coa venda de billetes nas estacións, e pídelle que se tomen en serio o transporte ferroviario e reclamen ao Goberno máis frecuencias horarias, adaptación de horarios, bonificación de tarifas e outros asuntos para mellorar o transporte ferroviario. En canto ao plan de transporte por estrada, para melloralo fan falla dúas cousas: vontade política, como a que ten a Xunta e o Grupo Popular, porque o plan é aberto e suxeito a mellora continua, e recursos económicos, e neste punto lémbrale ao BNG que o pasado día 11 tiveron unha oportunidade de ouro para aprobar unha resolución reclamándolle ao Goberno que pague ás CCAA e aos concellos o IVE que nos deben do ano 2017, pero o BNG votou en contra de que Galicia reciba 200 millóns de euros, dos que 23 corresponderían á provincia de Ourense.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que se sente honrado ao saber que os problemas do país os vai resolver o BNG cun deputado, e dende logo algúns si que os van resolver, porque a verdade é que o PP estivo ata hai ano e medio no Goberno do Estado e ao mesmo tempo estaba na Xunta, e brillaron pola súa ausencia, nin estaban nin se lles agardaba. Di que hai un informe dos servizos xurídicos da Xunta de Galicia dende setembro do ano pasado para poder reclamar os famoso 270 millóns do IVE, e aí está o Sr. Núñez Feijoo, que si que non, que vou que non vou, pero dende logo o BNG convidouno dende o principio a facer esa reclamación; e por outra banda na moción que presentou o PP no Congreso o outro día había algo máis que o dos 270 millóns, un *totum revolutum* de cousas, porque se so fose esa petición a terían apoiado. Por outra banda di que o BNG comparte a reivindicación dos 270 millóns e moito máis, porque o problema de fondo é que sexa Madrid a que recade, e o que propón o BNG é un sistema como o do País Vasco, no que haxa unha facenda galega que recade os nosos tributos e que logo se lle dea a Madrid a parte que corresponda dos gastos comúns, porque esa sería a solución aos nosos problemas, e convida ao PP a apoiar esa reivindicación. Polo demais, alédase de que agora Consellería de Infraestruturas e Mobilidade se amose proactiva co plan, pero é que como dixo o voceiro do Grupo Socialista, é que tiveron ano e medio para reorganizar as liñas, e o que resultou foi o que resultou, moi precario, e cre que se lle preguntan aos veciños do rural dirán o mesmo,

porque a realidade é se o bus pasa ou non pasa e a que prezo, e pide que xa que quitamos o da autocomplacencia da Xunta na moción non sexamos nós auto – complacentes agora, porque hai que ser críticos con unha realidade que deixa bastante que desexar. Dille á Sra. Lama que non retira o punto 3º da moción, porque cre que está ben como esta e non deixa de ser instar á Xunta, que responderá o que estime oportuno, e en todo caso é obvio que ese punto non vai prosperar porque o PP e DO anunciaron o voto en contra. Agradece o ton construtivo do debate e lembra que no acordo do BNG co PSOE para a investidura do presidente do Goberno unha das reivindicacións que se fixeron foi a da mellora do tren, e entende que hai dar un tempo para que se cumpra ese acordo, que se materializará na futura lei de orzamentos, porque o PP tivo tempo para arranxalo e non é algo que se poida resolver en mes e medio.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións e acórdase proceder á votación separada dos distintos puntos da moción. Así os puntos primeiro, segundo, cuarto e quinto da dita moción son aprobados por unanimidade, e o punto terceiro é rexeitado co voto favorable do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), polo que o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Instar á Xunta de Galicia a que afronte os problemas do transporte interurbano e que dialogue tanto coas empresas como cos concellos, para así corrixir as eivas de frecuencias, horarios e prazas, así como o resto de disfuncións detectadas.

2º) Instar á Xunta de Galicia a habilitar unha mesa de diálogo entre Xunta, Deputación de Ourense e concellos para posibilitar a existencia de microbuses que vertebran os concellos.

3º) Instar á Xunta de Galicia a ampliar de xeito inmediato a gratuidade do transporte aos menores de 21 anos da provincia de Ourense.

4º) Instar á Xunta de Galicia a habilitar información nas paradas e estacións de buses, e introducir no novo portal web información a respecto dos descontos.

13º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O PLAN MARCO DA XUNTA DE GALICIA PARA A MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS.-

O Sr. presidente informa de que existen unha emenda do Grpo de C's a esta moción, cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista di que o plan marco ao que se refire a moción ten unha extraordinaria importancia na única provincia galega sen saída ao mar, eminentemente rural, sen industrializar, cun raquitismo económico tremendo en tódolos municipios e cun continuo proceso de perda e avellentamento de poboación; pero tamén é certo que a provincia ten un importante potencial agrícola e gandeiro, e o plan marco de mellora dos camiños rurais é decisivo ao respecto, porque ademais é un plan obxectivo no que os fondos se reparten conforme aos criterios consensuados coa FEGAMP, e xa quixéramos que ese mesmos criterios se aplicasen na Deputación, e ao fío disto lembra que hoxe debateuse a problemática dos contratos menores, e di ao respecto que ninguén critica os contratos menores en si, senón o feito de que se adxudiquen só a unhas poucas empresas, dun xeito que non só dende o punto de vista ético e estético, senón tamén económico, non é aceptable. O plan marco en cambio emprega criterios obxectivos e en virtude destes criterios chegan cartos a tódolos concellos, e non é unha panacea, porque os concellos teñen que achegar a parte do IVE e ademais a subvención se rebaixa se hai baixas nos proxectos, e cre que se debería reivindicar que nestes caso se mantivese a subvención e se puidese facer máis obra. Di que estes fondos ás veces veñen do FEADER, pero non sempre, porque nas últimas bi – anualidades do plan non era así, pero si acontece agora. Di que este plan é relevante porque os camiños os que afectan permiten o acceso ás explotacións, a actuación para a extinción de lumes, actividades turísticas e deportivas, etc... Di que o presidente da Xunta dixo en 2016 que esta lexislatura 2016 – 2020 ía ser a lexislatura do rural, e en declaracións feitas no Saviñao en setembro de 2016 erixiuse en defensor do rural fronte aos que “só coñecen o céspede da Complutense”. Certo é que o presidente da Xunta non nos pode dar leccións aos que estamos aquí sobre o coñecemento do rural, porque o coñecementos ben, e en cambio, no caso do Sr. Núñez Feijóo, máis aló de tentar apagar un lume cuns náuticos e unha manguera ou de subirse a un tractor, non se coñece a súa vinculación co mundo rural. O certo é que os datos desta lexislatura do rural non apuntan precisamente a iso, e isto é algo que pasa moito e política e mesmo neste salón de sesións, dicir unha cousa e logo facer outra, e sería un campo de estudo estupendo para Eugen Bleuler, o creador do termo esquizofrenia, é dicir, a mente dividida, digo unha cousa, fago outra; e neste senso resulta chocante esperar – pero o espera – o apoio para esta proposta nunha administración provincial que non utiliza criterios obxectivos e que é a administración pública deste país que máis contratos de obra a dedo fai, non só respecto doutras deputacións, senón do resto de administracións en xeral, tal

e como dicía o informe da Fundación CIVIO, que se equivocou ao dicir que era a administración pública que facía máis contratos menores, pero si é a que dedica máis cartos a esta finalidade. Neste escenario, o que se ve nesta chamada lexislatura do rural é que o plan marcou foi mingando, pasando de 20 millóns no ano 2016 para unha soa anualidade a repartir entre os concellos aos 16 millóns nas dúas bi – anualidades seguinte finalmente para esta anualidade queda en 12 millóns, e pregúntase como é posible chamar lexislatura do rural a aquela na que se produce esta redución, e ademais cunha agravante, que é que na bi – anualidades precedentes a Xunta puña fondos propios e facía un esforzo, a pesar da mingua, pero neste hai un 75 % de fondos FEADER, co que o se está a baixar non é un 70 % que é o que sería cos fondos iniciais, senón un 81,25 % menos. Di que Núñez Feijóo tamén dixera en 2016 que os populares cada vez confiaban máis no futuro do rural, e dende logo nesta provincia precisamos crer niso, porque senón pouco futuro nos agarda; a pregunta é ¿por que se reducen os fondos para o rural en Ourense e en toda Galicia? ¿É que xa vai ben o rural e non fan falla, ou é por desleixo, ou por cinismo, ou para destinar os fondos a convenios cos que soste unha política clientelar de cara ás vindeiras eleccións? A verdade é que non o sabemos, aínda que pode que algún grupo ten máis información. Pide que a pesar do alto grao de esquizofrenia política que hai neste salón de plenos a ver se é posible que nos poñamos de acordo, porque todo o mundo sabe que no rural nestes momentos hai un movemento de protesta tremendo, debido basicamente á caída dos prezos dos produtos en orixe, e esa caída dos prezos só se pode combater con políticas que favorezan aos titulares de explotacións agro – gandeiras, e unha das actuacións básicas ao respecto é a que se deriva do plan marco. Pro todo isto, o Grupo Socialista formula dúas propostas, unha coñecida porque xa se fixera polo BNG no anterior mandato, no 2017, e no seu momento acadara un apoio unánime, e é a de que se inste á Xunta a que aumente os fondos do plan marco; e unha segunda para que, se iso non acontece, sexa a deputación a que coopere con fondos para resolver esa diferenza e que esas necesidades que teñen tódolos concellos se poidan ver satisfeitas. Pide ao Pleno a apoio a esta moción, que vai tamén na liña de combater o problema da natalidade do que se falou nun punto anterior, porque a natalidade é un problema pero sobre todo é unha consecuencia doutro problema, que é a falla de futuro, e hai que darlle servizos á poboación do rural, pero sobre todo hai que darlle medios, hai que darlle recursos, e para iso é necesario que o plan marco chegue nas contías precisas, porque non podemos pasar de 20 millóns no 2016 a 12 millóns na actualidade, e dicir que estamos na lexislatura do rural. Se queremos que

esta sexa a lexislatura do rural, haberá que pedirlle á Xunta que aumente a dotación, e se iso non é posible, que a deputación tente paliar ese déficit.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, di que, concordando co espírito da moción, non cre que a Deputación deba facerse cargo desa dotación, polo que formulou unha emenda á moción. Por tanto, está de acordo co punto 1º, pero non co 2º, e pregunta se o Grupo Socialista acepta a súa emenda.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG concorda con C's, tal e como adiantou na comisión informativa. Di que non hai explicación para a redución do plan marco, e agarda que non sexa un tema de mera conveniencia política e que despois nos atopemos con que os plans de emerxencia teñen unha dotación superior, porque sabemos que os plans de emerxencia son dirixidos politicamente mentres que no plan marco hai un reparto obxectivo dos fondos, e polo tanto o que debe primar é o plan marco, porque a nosa rede municipal de camiños é inmensa, con moitísimos núcleos e explotacións espaxadas polo territorio, polo que a dotación do plan marco debe incrementarse, non reducirse. Por outra banda concorda coa Sra. Lama en canto a que isto debe asumilo a Xunta de Galicia, porque – e aínda que hoxe non se ía falar do plan único – eses fondos que irían ao plan marco irían a costa dese plan único que propugna, que boa falla nos fai para as nosas necesidades, polo que pide ao Grupo Socialista que considere esixir que os fondos os poña só a Xunta, e non que saian das arcas provinciais.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de DO, entende que este debate sería máis propio do Parlamento de Galicia da que trata dun plan da Xunta; ademais o plan 2020 – 21 ten a peculiaridade de que o 75 % está financiado con fondos da UE, e iso fai que o 17,5 % o poña a Xunta de Galicia e 7,5 % o Ministerio de Agricultura, e os concellos o IVE, co que un cambio no financiamento da Xunta afectaría tamén ao resto de entidades que co – financian o plan, o que suscita dúbidas en canto a que dende aquí se poida promover esta moción. Concorda tamén con C's e o BNG en que é un plan que non debe asumir a Deputación, senón a comunidade autónoma.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular di que antes de entrar ao debate do plan marco quere facer unha puntualización ao dito por dona Margarita Pérez Fernández no debate do punto 10º en canto á situación dos nenos de Souto do Bispo, e di que eses nenos teñen pediatra en Celanova e que están a 35 quilómetros de Ourense, e que con respecto ao colexio o teñen en Quintela de Leirado, a 5 minutos, e en Celanova, a 10 minutos,

e que oíndo certos discursos pode semellar que os de aquela zona estamos afastado do mundo e tampouco é así. Di que a ninguén se lle escapa a importancia de apoiar ao sector agro – gandeiro, porque é o que aporta riqueza ao medio rural. Di que a Consellería de Medio Rural apostou por unha planificación máis racional e equitativa dos fondos destinados ao medio rural, e como sempre o Grupo Socialista o ve todo en clave negativa e só ve recortes. Di que o se fixo dende a Xunta foi axustar a dotación ás necesidades reais, derivando os cartos que non se executaban a outras partidas que necesitaban maior crédito. Destaca tamén que o 75 % está financiado con fondos FEADER, o 17,5 % o pon a Xunta de Galicia e o 7,5 % o Ministerio de Agricultura, e tamén se le podía pedir que incrementase o financiamento o Ministerio. En anos anteriores o FEADER achegaba menos, e de aí tamén o cambio de criterios que levou consigo este plan marco. Destaca tamén que a distribución dos fondos foi consensuada coa FEGAMP, como tamén se dixo aquí, tendo en conta a superficie, o peso do agro ou o avellentamento da poboación. En definitiva, pasouse de achegar axudas para camiños municipais, sen máis, a dirixir os cartos cara a aquelas zonas que máis o precisan de cara a dinamizar o rural, e facilitar a remuda no campo, é dicir, ás zonas agrícolas. Anuncia o seu voto en contra da moción.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, di que non deixa de ser asombroso, pero hai que agradecerlle ao PP o seu voto en contra, porque así os concellos xa saben que o PP se opón a que aumenten os fondos do plan marco, e esta non era unha moción cun sentido electoral pero electoralmente é importante o que se acaba de dicir, e non deixa de abundar na esquizofrenia da que falou antes. Ademais é curioso que cando en 2017 o BNG propuxo o mesmo o voto foi unánime, e pregúntalle ao voceiro de DO se é que mudaron os criterios dende aquelas. Di que as achegas dos distintos organismos ao plan son diferentes, en resposta ao sinalado ao respecto polo portavoz de DO. Cre que a explicación a esta redución é a que apuntou o voceiro do BNG e deixou entrever o voceiro do PP cando dixo que ese fondos se destinan a outras liñas, e seguramente empezaremos a ver convenios en plena campaña electoral, e pregúntalle ao voceiro do PP cales son esas liñas preferentes cara ás que van eses fondos e que convenios se van asinar. Concorda cos voceiros de BNG e C's en canto a que a Deputación non debería financiar algo que é competencia doutras administracións públicas, pero se as outras administracións públicas non son quen de facelo, tamén pode entrar a isto, algo que xa se fixo nos anos 2014 e 2015, nos que a deputación co – financiou o plan marco, a través dun convenio de 8 de outubro de 2014, achegando a

Deputación 619.000 euros a dúas anualidades, un 10,8 % do plan, o FEADER tamén facía achegas, o Ministerio puña o 12,3 % e o resto se facía entre a Xunta de Galicia e a deputación provincial. É dicir, a deputación xa achegou fondos a este plan no pasado, unha vez máis fóra das súas competencias, porque entón lle conviña, e agora a sorpresa é que non só non quere participar, e que se negan a pedir que se aumente a dotación da Xunta, cando resulta que temos os menores fondos do plan marco de todos estes anos, cunha redución do 81,25 %, e o Sr. Pérez di que están cubertas as necesidades e que os cartos vanse dedicar para outras cousas. Pide que na súa seguinte intervención lle diga para que outras cousas van ir eses fondos.

Dona Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, di que entende que o Grupo Socialista votará en contra da súa emenda, e pregunta se aceptan que se vote por puntos – respondendo o Sr. Rodríguez Villarino que si – indicando que neste caso votará a favor do punto 1º e en contra do 2º, porque o que fixeran outros deputados antes que ela non lle vincula, e non está de acordo con que a deputación teña que co – financiar este plan.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG di que lle sorprende a afirmación do Sr. Pérez en canto a que os fondos sobaban, porque a súa impresión é que eran escasos, e cre que o mesmo dirían os alcaldes presentes na sala se se lles fixese unha enquisa ao respecto; e se iso fose así, ademais, sobrarían a metade das subvencións nominativas desta deputación provincial, que van cara eses mesmos fins. Cre que a deputación se debe aos concellos ante que á Xunta e que é necesario que a Xunta incremente eses fondos, máis nun ano como este no que as estradas sufriron moito por mor das chuvias. Agradece que se vaia votar por puntos, o que lle permitirá votar a favor no punto 1º e absterse no 2º.

Don Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Rodríguez Villarino que non confunda, que non hai unha redución dos fondos, senón que mudou a súa distribución cara outros plans, e o que se fixo foi adaptar estas axudas ás necesidades de agricultores e gandeiros, e hai outras liñas de axudas para seguir apoiando infraestruturas no rural, e tense feito moito nestes anos, e en concreto nestes dous meses de 2020 puxéronse a disposición para o agro galego 135 millóns de euros, en Ourense estanse a facer oito aldeas – modelo, unha delas en Muimenta, no concello de Carballeda de Avia gobernado polo PSOE, e outra, en breve, no concello de don Aurentino Alonso, e estase a traballar en tres polígonos agrarios no Carballiño, en Cualedro e en Oímbra, e iso é traballar polo rural. Di que ademais o

seu grupo ten a máxima de respectar a autonomía doutros gobernos, e neste caso, cando hai unha boa administración como sucede na Xunta, máis. Di que o Grupo Socialista trae hoxe esta moción, pero no Parlamento de Galicia, que é onde se debe debater isto, o PSOE non presentou ningunha emenda pedindo un aumento nesta materia, e é máis, na fase de emendas transversais dos orzamentos o PSOE deixaba á Consellería de Medio Rural con 7,9 millóns de euros menos, e pide que lle expliquen como é que agora piden que se aumenten os fondos ou se non que o poña a deputación, e cre que é evidente a desconexión entre o PSOE de Ourense e o de Galicia.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista di que o Sr. Pérez non o decepciona, que non ten nada que dicir sobre a súa posición, que neste caso, como portavoz do PP na Deputación, é unha posición totalmente baleira, e cre que debe haber unha orde da Presidencia que bloquea as mentes, un mandato divino que o mesmo que adxudica contratos menores non permite que a xente pense por si mesma. Di que no 2016 houbo 19,9 millóns de euros neste plan, con máis de 4 millóns para Ourense, no 2017 – 18 dúas anualidades de máis de 15 millóns de euros, e igual no 18 – 19, con máis de 3 millóns para os concellos desta provincia, e no 2020 – 21 só 11,9 millóns de euros en dúas anualidades e co 75 % do FEADER, é dicir, unha caída do 81,25 %, e o Sr. Pérez di que non hai recortes, como que non hai recortes, é que xa non sabemos a diferenza entre sumar e restar. Por exemplo, o concello de Allariz recibiu en 2016 61.710 euros, caeu a 45.560 euros en 2017 – 18 e agora quedará en 32.555. Di que a diferenza entre representar unha provincia ou un partido político é esta, e ele como representante do PSdG – PSOE en Ourense defende os intereses desta provincia, e a labor parlamentaria que se faga, do seu partido ou doutro, terá que responderse no Parlamento, pero el non é responsable no Parlamento de Galicia, e ademais dubido moitísimo de tódalas cifras que estivo a dar o Sr. Pérez Pérez. Di que a diferenza de políticas, nun momento moi duro para as explotacións agro – gandeiras, se ve por exemplo no acordo do Consello de Ministros do 20 de febreiro de 2020, con importantes medidas de apoio ao sector primario, introducindo por exemplo unha cláusula obrigatoria nos contratos coa indicación expresa do prezo pactado entre agricultores e gandeiros e o seu primeiro comprador para cubrir os custes de produción, ou a prohibición das campañas promocionais que induzan a erro sobre o valor dos produtos ao longo da cadea, se endurecen as infraccións ao respecto, adiántanse as esixencias da normativa europea en materia de publicidade, en definitiva, unha serie de medidas de apoio ao sector primario, e en cambio aquí o PP vota en

contra de aumentar os fondos para a provincia, e di que non sabe que cara lles pode quedar tras isto, cando no 2017 votaron a favor disto e agora votan en contra, que podían incluso absterse, era unha opción, o que pasa é que non hai opción senón unha orde que están a executar, e toda a provincia é testemuña do que están a facer. Pronto haberá oportunidade de que a xente decida.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e acórdase proceder á votación separada dos distintos puntos da moción. Así o punto primeiro da moción non é aprobado, ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourense (2); e o punto segundo tampouco é aprobado, ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), o voto en contra do Grupo Popular (12), Democracia Ourense (2) e Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do BNG (1); polo que a moción non é aprobada.

14º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

15º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos do mes de xaneiro de 2020.

Os membros da Corporación quedan informados.

16º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Dona Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, di que con data 10 de febreiro o Grupo Socialista rexistrou unha solicitude para que a Deputación iniciase o procedemento para a designación, como fillo adoptivo da provincia, do director, guionista e produtor de cinema don José Luis Cuerda. A pregunta que fai é: ¿en que punto está isto?, ¿por que non se levou a ningunha comisión?, ¿pode vir a pleno directamente segundo o regulamento de honras desta Deputación?

O **Sr. Presidente** di que o lóxico é que vaia primeiro ás comisións, e será nas vindeiras comisións nas que será efectiva a entrada na orde do día deste asunto.

Dona Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que en datas recentes o Sr. Presidente visitou o Museo Galego do Entroido en Xinzo para a presentación dun libro dos Bolechas, e é a Deputación a que xestiona ese museo pero, en aras da cordialidade prégalle que na vindeira visita que faga a Xinzo o comunique ao Concello de Xinzo para que poidan asistir a eses actos.

O **Sr. Presidente** di que toma nota dese rogo.

Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, pregunta se esta Deputación ten a intención de ser promotora musical ou algo así, dado que dende o Concello de Ourense se anunciou que a Deputación e a sociedade do Xacobeo estaban estudando participar na xestión dunha actuación da famosa cantante Jennifer López na cidade de Ourense.

O **Sr. Presidente** di que a Deputación está en conversas coa Consellería de Cultura para colaborar na programación de actos culturais no ano 2020 e 2021, que se anunciarán oportunamente, pero polo momento a Deputación non anunciou ningún nome e ningunha actuación concreta.

E, ás 15.40 horas do citado día 28 de febreiro de 2020, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará de xeito electrónico. Dou fe.

